De acordo co publicamente declarado polo PSdG, constaba a expulsión do Sr. Gerpe do Grupo Socialista; constancia que, de acordo co informado polo PSdeG foille comunicado por escrito ao concello de Coristanco. Con independencia de que o Sr. Gerpe non ostentase a condición de militante do PSdeG, a notificación en tempo e forma da expulsión do Grupo Socialistas suporía a imposibilidade de computar o voto do Sr. Gerpe e, en consecuencia, tamén a de poder votar a moción de censura, resultado do cal é a nulidade radical dos acordos de dito Pleno, entre eles a votación da moción de censura e elección de novo alcalde, tal e como sinala o art. 197 da Lei Orgánica 5/1985, de Réxime Electoral Xeral e a Xurisprudencia de aplicación.

De acordo co art. 65 da Lei de Bases de Réxime Local, o Estado está lexitimado tanto para requirir do Pleno a anulación do acordo como para impugnalo directamente no xulgado, ao resultar manifesto a ilegalidade da celebración do



Pleno, da votación da moción de censura e do seu resultado, ao ter prosperado unha moción de censura cando queda acreditado o incumprimento do art. 197 da Lei Orgánica 5/1985, de Réxime Electoral Xeral.

Constando infracción do art. 197 da LO 5/1985 do Réxime Electoral Xeral, e ao amparo do artigo 65 da Lei 7/1985 de Bases de Réxime Local, a Administración Xeral do Estado, e no prazo máximo de 15 días desde a notificación do acordo, pode requirir ao Concello para que anule dito acordo nun prazo máximo dun mes. Tamén, alternativamente, pode impugnalos directamente na xurisdición contencioso-administrativa dentro do prazo dos dous meses seguintes a tal notificación.

Segundo.- Desde En Marea creemos que o alcalde, fraudulentamente elixido co apoio do Partido Popular, non debe de detentar a alcaldía de Coristanco nin un minuto máis do necesario para re-establecer a legalidade.

Por elo, e, con independencia das accións xudiciais que poidan emprender as persoas concelleiras desa Corporación municipal, o Estado pode e debe, en defensa da legalidade violada, requirir do Pleno a anulación dos acordos do Pleno do pasado 25 de agosto ou impugnalos directamente en vía xudicial, de acordo coa lexitimación e ao amparo do art. 65 da Lei de Bases de Réxime Local, e en relación coa infracción do art. 197 da LO 5/1985.

Por todo o anteriormente exposto, o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta á Xunta de Galiza a:



1.- Demandar do Goberno do Estado que, dentro dos prazos legalmente establecidos unha vez recibida comunicación do acordo, e de conformidade co art. 65 da Lei 7/1985 de Bases de Réxime Local, e por infracción do art. 197 da LO 5/1995, do Réxime Electoral Xeral, formule requirimento de anulación dos acordos do Pleno da Corporación do Concello de Coristanco do 25 de agosto de 2017, ou ben interpoña directamente recurso contencioso-administrativo contra ditos acordos.

2.- Dar traslado do presente acordo á Alcaldía e Pleno da Corporación do Concello de Coristanco.

Santiago de Compostela, 28 de agosto de 2017.

Asdo.: Antón Sánchez García

Voceiro S. do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Antón Sánchez García na data 28/08/2017 12:37:42

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de **En Marea**, por iniciativa do seu deputado **Davide Rodríguez Estévez** e da súa deputada **Paula Quinteiro Araújo**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 7.^a**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O día 27 de agosto de 2017 o pedrazo volveu caer con forza, afectando ás plantacións de determinadas comarcas da provincia de Ourense.

Dende En Marea, como xa solicitamos en ocasións anteriores por situacións similares, esixímoslle á Consellaría de Medio Rural que garanta ás nosas produtoras e produtores unhas colleitas dignas en calidade e cantidade para asegurar a continuidade da actividade viticultora nunha bisbarra onde ten unha importante tradición e un peso económico fundamental.

A acción que máis urxe é a de avaliar os danos causados polo pedrazo.

Polo exposto anteriormente, o Grupo Parlamentar de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta á Xunta de Galicia a:

- 1.- Facer unha avaliación e cuantificación precisa dos danos provocados polo pedrazo nos cultivos agrarios e gandeiros; e informar de maneira aberta e transparente ao respecto.



2. Determinar que porcentaxe de cultivos arrasados non están cubertos por seguros agrarios e crear unha liña de axudas directas para garantir a liquidez das persoas afectadas e compensar as perdas.

Santiago de Compostela, 29 de agosto de 2017.

Asdo.: Davide Rodríguez Estévez,

Asdo.: Luís Villares Naveira

Paula Quinteiro Araújo

Voceiro do G.P. de En Marea

Deputado e deputada do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

David Rodríguez Estévez na data 29/08/2017 10:17:52

Paula Quinteiro Araújo na data 29/08/2017 10:18:14

Luis Villares Naveira na data 29/08/2017 10:18:21



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Xosé Luis Rivas Cruz, Luis Bará Torres, Ana Belén Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Montserrat Prado Cores e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O domingo 27 de agosto un bo número de treboadas descargaron por case toda Galicia. Houbo sitios onde os seus efectos trouxeron fortes prexuízos para as colleitas principalmente alí onde caeu sarabia.

Na comarca do Ribeiro manifestouse cun violento pedrazo que causou estragos na colleita de uva xa chegada para vendima.

A pedra afectou a toda a denominación de orixe do Ribeiro, con incidencia maior no val do Miño e do Arnoia (Castrelo, Cenlle, parte de Ribadavia, Arnoia...) pero en tódolos concellos houbo zonas afectadas (Beade, Carballiño, Leiro, Boborás...).

Dase a casualidade que precisamente o val do Miño e do Arnoia foran as zona onde as xeadas, na época de floración, non afectaran tanto á produción. Co cal este ano, na denominación de orixe a situación vai ser catastrófica. No val do Avia afectados pola xeadas, e no val do Miño pola pedra.

Nesta semana íase comezar coa vendima, e foi o peor momento, xa que os acios están formados e as uvas xa maduras. Ao caerlle a pedra, romperon os bagos, e isto vai provocar que avance a botrite e podrezan. Hai zonas onde a maiores de rotura de bagos, hai acios que xa están no chan debido á violencia con que caeu a pedra.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

É un ano nefasto para esta comarca, que ten a viticultura coma principal actividade económica.

As previsións meteorolóxicas dan para estes días a continuación destes meteoros, polo que non se descarta que os danos poidan ser maiores dos ata o de agora producidos.

Por todo o anteriormente exposto o Grupo Parlamentar do BNG formula a seguinte proposición non de lei para o seu debate en comisión:

“O Parlamento de Galiza insta á Xunta a:

1—Facer unha avaliación dos danos sufridos nas colleitas no territorio afectado polo pedrazo.

2—Establecer liñas directas de axuda para apoia-las explotacións afectadas

que abrangan tanto a compensación polas perdas da produción xa prevista para este ano, como as medidas precisas para a recuperación das plantacións afectadas que permitan a plena recuperación da produción no seguinte ciclo produtivo.”

Santiago de Compostela, 29 de agosto de 2017

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**

Luis Bará Torres

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Montserrat Prado Cores



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/08/2017 10:54
Nº Rexistro: 14695
Data envío: 29/08/2017 10:54:28.007

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Belén Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xose Luis Rivas Cruz na data 29/08/2017 10:51:55

María Montserrat Prado Cores na data 29/08/2017 10:52:01

Ana Pontón Mondelo na data 29/08/2017 10:52:04

Olalla Rodil Fernández na data 29/08/2017 10:52:05

Noa Presas Bergantiños na data 29/08/2017 10:52:06

Xosé Luis Bará Torres na data 29/08/2017 10:52:08



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas e deputados **Xosé Luis Rivas Cruz, Luis Bará Torres, Ana Belén Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Montserrat Prado Cores e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os Grupos de Emerxencias Supramunicipais (GES) nacen dun convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, a Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP), e as Deputacións Provinciais.

Son 24 grupos en toda Galicia cun total de 288 integrantes, cunha existencia asegurada ata o 2018 e cun orzamento de 22,3ME

As funcións dos GES son do máis variado:

--Intervirán en incendios forestais e urbanos no ámbito territorial das súas demarcacións.

--Realizarán prácticas preventivas de carácter local para crear discontinuidades verticais e horizontais na cuberta vexetal con rozas nos terreos forestais ou de *influencia forestal* de titularidade municipal ou de propietario descoñecido e perímetros ou parcelas declaradas coma abandonadas.



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Actuarán en situacións derivadas do desencadeamento de riscos naturais, como nevadas, inundacións, seca ou episodios meteorolóxicos adversos.

- Intervirán tamén en situacións de risco e de emerxencia para mante-la rede de estradas, pero sen seren responsables do seu mantemento. Farano procedendo á limpeza e retirada de obxectos, singularmente no caso de accidentes e en situacións derivadas de riscos naturais coma nevaradas, inundacións, temporais, xeadas ou chuvias intensas.

- Poderán participar en operativos de protección civil que se planifiquen en casos de actividades nas que se rexistran aglomeracións significativas de persoas.

- Participarán na retirada de niños e colonias de néspera velutina.

A creación dos GES foi unha operación para crear bombeiros a prezo de saldo. Primeiro non dándolles o estatus laboral de bombeiros, e segundo deixando a xestión ós concellos sen control ningún.

Os compoñentes dos GES están expostos ós mesmos perigos cós bombeiros pero sen teren, por exemplo, xubilación anticipada, como si teñen os bombeiros. Non teñen os Equipos de Protección Individual requiridos para traballar en exposicións a gases contaminantes e venenosos da combustión (na maioría dos GES ou non hai ou son compartidos). As bases non cumpren a normativa de prevención de riscos laborais. O material non pasa as revisións debidas. Non teñen os pluses de perigosidade que si teñen os bombeiros cando están sometidos ós mesmos riscos, e xa non falemos dos salarios de 800-900 euros.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Trátase, pois, dun novo *chiringuito* multifuncional ó servizo dos alcaldes amigos por un prezo módico e suxeito a unha explotación laboral e a unha manifesta arbitrariedade de funcións. Serven para todo mais á hora da verdade non están operativos para as funcións que lles foron encomendadas.

Non teñen a preparación necesaria e obrigatoria para tódolos operativos que se ocupen das emerxencias. Non teñen continuidade. Están sometidos a procesos de selección arbitrarios e inadecuados. Non teñen estabilidade laboral. Están mal pagados e sobre todo contribúen á atomización das emerxencias sendo un elemento máis no caos establecido.

Por todo o exposto este Grupo Parlamentar presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

“O Parlamento galego insta á Xunta de Galicia a:

-Tomarse en serio isto das emerxencias e adopta-las medidas precisas para confluír nun necesario, dotado, formado e preparado operativo único que atenda debidamente as emerxencias en todo o territorio, que cumpra coas leis que regulan as emerxencias e que aborde debidamente a prevención e extinción de lumes tanto forestais coma urbáns e as emerxencias e continxencias de todo tipo no ámbito rural e urbán.

-No caso de persistir na singularidade actual dos GES proceder á homologación dos 24 GES en canto a probas de acceso, condicións de traballo,



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/08/2017 11:38
Nº Rexistro: 14707

Data envío: 29/08/2017 11:38:26.132

dotación de material, condicións laborais e salariais, número de horas e contidos de formación específica, e protocolos de actuación.”

Santiago de Compostela, 29 de agosto de 2017

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**

Luis Bará Torres

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Montserrat Prado Cores

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Belén Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xose Luis Rivas Cruz na data 29/08/2017 11:29:35

María Montserrat Prado Cores na data 29/08/2017 11:29:39

Olalla Rodil Fernández na data 29/08/2017 11:29:42



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/08/2017 11:38
Nº Rexistro: 14707
Data envío: 29/08/2017 11:38:26.132

Noa Presas Bergantiños na data 29/08/2017 11:29:44

Xosé Luis Bará Torres na data 29/08/2017 11:29:45

Ana Pontón Mondelo na data 29/08/2017 11:29:55



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/08/2017 12:21
Nº Rexistro: 14716
Data envío: 29/08/2017 12:21:20.040

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Montserrat Prado Cores, Luis Bará Torres, Ana Belén Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión**, relativa as medidas a desenvolver pola Xunta de Galicia para esixir a modificación da actual lexislación que regula a concesión de prestacións asistenciais para traballadores do mar para que inclúan a@s percebeir@s, mariscadoras, redeiras e outros casos de discriminación

O 30 de marzo, ocorría en Malpica un novo desgraciado accidente. Unha onda de mar levaba a un dos seus percebeiros, mentres recollía os prezados cirrípidos na costa de Razo, concello de Carballo e morría afogado. Foi un suceso que conmocionou a toda Comarca, dado que o percebeiro era unha persoa ben coñecida: percebeiro, activista cultural, poeta, etc. Pero tamén a todo o sector do mar dado que este percebeiro caracterizábase por desenvolver unha actividade en defensa e dignificación dos traballadores do mar, apostando por unha actividade regrada, avogando por medidas de control para preservar o recurso e pódolle cara ao furtivismo, inculcando sempre a seguridade contra a improvisación ou valentía. “Os cemiterios están cheos de valentes”, dicía. Apoiando a auto-organización do sector para que fose protagonista da súa explotación, pero tamén con medidas de comercialización para alcanzar mellores prezos ou iniciativas de supervivencia do propio sector: como a defensa do dereito a poder pescar ou de defensa da pesca artesanal en contraposición a pesca industrial.



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A isto súmase a Orden TAS/29/2008 de 15 de xaneiro (BOE de 19 de xaneiro) pola que se desenvolve o Real Decreto 869/2007 de 2 de xullo (BOE de 14 de xullo). Esta establece o tipo de prestacións asistenciais a que teñen dereito @s traballadores/as do mar, os requisitos esixidos, así como a documentación acreditativa para poder ter dereito as contías, mais vinculando a prestación por “falecemento ou desaparición” con que a mesma se realice a bordo da embarcación e a de “traslado do cadáver” a que o traballador/a desenvolvera ou prestara os servizos a bordo de buque estatais ou estranxeiros.

Todas estas cuestións legislativas ignoran por completo a realidade do desenvolvemento das labores profesionais d@s traballadores do mar en Galicia, neste caso do colectivo de perceber@s.

En similar situación poderíamos incluír ás mariscadoras a pé ou ás redeiras, que tamén quedan excluídas da actual normativa, que non recolle a estes colectivos, a pesares de que todos están incluídos dentro do réxime Especial da Seguridade Social d@s Traballadores/as do Mar.

Esta problemática foi tratada no último Consello Galego de Pesca, acadándose o compromiso de convocar unha reunión específica da Comisión de Política Social para mediados do mes de setembro, dado que apareceron variados casos, coa intención de recollelos todos e establecer unha estratexia común.

Estas son as razóns que levan ao Grupo Parlamentar do BNG a presentar a seguinte proposición non de lei para o seu tratamento en comisión:

“O Parlamento de Galiza insta ao goberno galego a:



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/08/2017 12:21
Nº Rexistro: 14716
Data envío: 29/08/2017 12:21:20.040

Igualmente poderíamos lembrar o suceso da percebeira de Oia no ano 2014, ou outros similares, que teñen acontecido ao longo do litoral galego nos últimos anos, para exemplificar a traxedia dunha perda humana e desleixo e alonxamento das autoridades, que teñen a responsabilidade de recoñecer as prestacións asistenciais, mais que ignoran a nosa realidade.

No caso que nos ocupa os familiares deste percebeiro, asesorados pola propia confraría, e baixo o apoio moral do ISM da Coruña, teñen presentado solicitude de prestación asistencial por falecemento encontrándose cunha crúa realidade, de que a mesma é denegada. A razón que aducen para esta denegación é que dito falecemento non se ten producido a bordo de embarcación.

Esta negativa evidencia a discriminación e o total desamparo a este colectivo de traballadores/as, adscrit@s ao ISM, que son excluíd@s polo feito de non estar embarcad@s. Pero tamén vemos unha faciana burocrática e totalmente desinteresada pola problemática do sector na falta de acompañamento do Goberno galego na solución desta discriminación, baixo a xustificación de que son competencias de Madrid.

A denegación da solicitude deste dereito fundaméntana no Real Decreto 869/2007 de 2 de xullo (BOE do 14 de xullo) polo que se regula a concesión de prestacións asistenciais derivadas do traballo no mar para traballadoras/es e beneficiarios/as do Réxime Especial da Seguridade Social dos Traballadores do Mar e se establecen determinados servizos @s traballadores/as do mar que non contempla esta situación e que deixa fora de regulación a actividade d@s perceber@s.

O obxectivo deste decreto é regular as prestacións asistenciais en atención a continxencias e situacións especiais do traballo no mar pero que deixa fora este singular colectivo e non ten reparo en ignoralo aducindo criterios burocráticos.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Esixir do Goberno do Estado a modificación da actual lexislación que regula a concesión de prestacións asistenciais para traballadores do mar para que inclúan @s perceber@s, mariscadoras, redeiras e outros casos que non realicen a súa actividade a bordo de embarcación.

Presentar un recurso contra o ISM para que con carácter retroactivo se lles recoñeza os dereitos aos familiares que sufriron estes tráxicos sucesos.”

Santiago de Compostela, 29 de agosto de 2017

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Luis Bará Torres

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Belén Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 29/08/2017 12:16:10



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/08/2017 12:21
Nº Rexistro: 14716

Data envío: 29/08/2017 12:21:20.040

Xosé Luis Bará Torres na data 29/08/2017 12:16:15

Xose Luis Rivas Cruz na data 29/08/2017 12:16:19

Olalla Rodil Fernández na data 29/08/2017 12:16:23

Noa Presas Bergantiños na data 29/08/2017 12:16:27

Ana Pontón Mondelo na data 29/08/2017 12:16:31



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/08/2017 10:49
Nº Rexistro: 14778
Data envío: 30/08/2017 10:49:13.046

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas e deputados **Xosé Luis Rivas Cruz, Luis Bará Torres, Ana Belén Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Montserrat Prado Cores e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión**, relativa ao Estudo de Impacto Ambiental Simplificado 2017/0050 tramitado baixo o título de “PLANTA DE ALMACENAMENTO E VALORIZACIÓN DE RESIDUOS NON PERIGOSOS INDUSTRIAIS E URBANOS NO LUGAR DE TEIXOEIRA-SANTA ICÍA (ARTEIXO)”.

O día 19 de xullo de 2017 publicouse na páxina web da Consellaría de Medio Ambiente e Sostenibilidade o trámite de información pública do impacto ambiental simplificado dun proxecto denominado “PLANTA DE ALMACENAMENTO E VALORIZACIÓN DE RESIDUOS NON PERIGOSOS INDUSTRIAIS E URBANOS NO LUGAR DE TEIXOEIRA-SANTA ICÍA (ARTEIXO)”.

A localización desta infraestrutura faise nuns terreos cualificados polas normas subsidiarias de Arteixo como rústicos de protección forestal e están situados, nalgún caso, a menos dun quilómetro de lugares habitados, como son Santa Icíá, Novo Mesoiro, Vilarrodrís, A Maceira, O Moucho, Feáns, Urbanización Breogán, Mesoiro, Vío etc.

Non descubrimos nada novo se dicimos tamén que se trata dunha contorna tremendamente afectada por varias infraestruturas importantísimas e cun forte impacto no medio: autoestrada AG-55, estrada de acceso ao porto exterior, estrada AC-552,



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

camiño de ferro tanto de mercadorías como de alta velocidade, gasoduto, liñas de alta tensión, canteiras, un polígono industrial e as reservas que xa fixo a Xunta para o futuro que condicionan o noso futuro etc.

Por todo isto, aínda nos resulta máis sorprendente o lugar escollido, que contribuiría para afectar de xeito moi importante e definitiva outra zona próxima a vivendas, facendo que a calidade de vida se vexa máis perturbada tendo en conta que se fala dunha planta e do tratamento de materiais como chumbo e aluminio.

A motivación máis importante que temos é, desde logo, a afectación sobre as persoas e o medio en que viven, mais hai outras que poderíamos tamén mencionar e que consideramos que desde o BNG que se deben ter en conta por teren consecuencias directamente sobre as persoas e a súa contorna: o tipo de residuos que se van tratar e que teñen un impacto importante no medio, sen que se entre ao pormenor no proxecto nas medidas que se van adoptar; a transformación urbanística da contorna, que non se describe e que ten moita importancia, notando que agora mesmo o que hai é unha zona forestal con camiños de terra; o impacto das machacadoras, tanto polo po como polos rúidos; o feito de que se traten residuos como plásticos, aluminio, chumbos, restos de pintura etc, sen que o proxecto describa ao pormenor as medidas que se deben pór en funcionamento para minimizaren os seus efectos etc.

As medidas de seguimento ambiental que se describen no proxecto son de certo mínimas e completamente insuficientes, de modo que o proxecto ben podería ser definido, en termos coloquiais, como “un pasar de todo”.

Por outro lado, parécenos totalmente irracional, desproporcionado e caótico que se vaian instalando plantas desta índole en calquera parte, sen unha planificación de conxunto, pois está claro que no corresponden a ningunha estratexia global. Na Galiza



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

xa existen plantas como esta e por tanto non parece lóxico comezar a autorizar vertedoiros por todo o territorio, estragando aínda máis este país do que xa está.

Cómpre falarmos tamén do auténtico caos urbanístico do Concello de Arteixo, aínda hoxe sen plano xeral de ordenación urbana adaptado á lexislación vixente e ás importantes afeccións que ten no municipio con algunha delas a monte (por exemplo o polígono de Morás), sen que a día de hoxe haxa ningunha estratexia clara por parte do Concello para minimizar o impacto sobre a poboación (contaminación de augas, tráfico pesado e de mercadorías perigosas polos núcleos habitados, ruídos, calidade do aire e das augas, contaminación lumínica etc). E a afectación ao Concello da Coruña, xa que logo a construción que se formula está a menos de cen metros do termo municipal, e ao que pertencen varios dos núcleos de poboación directamente afectados.

Asemade, e sumado a todas estas apreciacións, xa son varias as asociacións veciñais e entidades as que teñen amosado publicamente a súa opinión contraria á construción desta planta no lugar escollido, e presentado as oportunas valoracións no proceso de participación pública que está aberto pola Consellaría de Medio Ambiente, a través da presentación de alegacións na Xefatura Provincial da Coruña (xa que logo a presentación telemática habilitada a través da páxina web dá erro cada vez que se quere presentar calquera destas: mensaxe do servidor *Service Temporarily Unavailable: The server is temporarily unable to service your request due to maintenance downtime or capacity problems. Please try again later*), e ás que se une a unánime oposición amosada pola veciñanza de todos os núcleos de poboación da contorna que mesmo teñen iniciado unha campaña de recollida de sinaturas na plataforma Change.org.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en comisión:



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/08/2017 10:49
Nº Rexistro: 14778
Data envío: 30/08/2017 10:49:13.046

“O Parlamento galego insta á Xunta de Galiza a rexeitar a construción dunha PLANTA DE ALMACENAMENTO E VALORIZACIÓN DE RESIDUOS NON PERIGOSOS INDUSTRIAIS E URBANOS NO LUGAR DE TEIXOEIRA-SANTA ICÍA (ARTEIXO).”

Santiago de Compostela, 29 de agosto de 2017

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**

Luis Bará Torres

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Montserrat Prado Cores

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Belén Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xose Luis Rivas Cruz na data 29/08/2017 13:11:42

María Montserrat Prado Cores na data 29/08/2017 13:11:51

Olalla Rodil Fernández na data 29/08/2017 13:11:53



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/08/2017 10:49
Nº Rexistro: 14778

Data envío: 30/08/2017 10:49:13.046

Xosé Luis Bará Torres na data 29/08/2017 13:11:57

Noa Presas Bergantiños na data 29/08/2017 13:12:00

Ana Pontón Mondelo na data 29/08/2017 13:12:03

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de EN MAREA, a iniciativa da súa deputada **Carmen Santos Queiruga** e do seu deputado **Juan José Merlo Lorenzo**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei, para o seu debate na Comisión 8ª**, sobre a renovación do acordo pesqueiro entre a Unión Europea e Guinea Bissau.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O próximo 23 de novembro expira o acordo bilateral de pesca entre a Unión Europea e Guinea Bissau, algo que xera inquedanza e preocupación aos máis de 10 cefalopodeiros galegos que soen faenar na zona. Este alto nivel de incerteza vese reflexado, por exemplo, en que a maioría deles comezaron a abandonar o caladoiro ante as dificultades presentes para renovar o acordo.

En xullo deste ano fracasou unha cuarta rolda de negociacións para intentar chegar a un entendemento. Detrás deste bloqueo para acadar unha solución satisfactoria entre as dúas partes atópanse os intereses de China. O país asiático intenta controlar o caladoiro guineano prometendo fortes inversións no país africano como, por exemplo, 50 millóns de euros nun novo complexo pesqueiro ou 22 millóns de euros para financiar a construción dun novo porto.

A expansión china nos caladoiros internacionais durante os últimos anos aumenta grazas á redución da presenza de embarcacións europeas, o que permite que o país asiático sexa o novo referente mundial na pesca internacional. Zonas onde historicamente faenaban buques da Unión Europea como Angola, Marrocos e Mauritania, perciben cada vez máis a presenza de barcos chinos. A incapacidade mostrada polos dirixentes europeos para manter acordos bilaterais con terceiros



países conleva á cada vez máis importante redución da capacidade pesqueira dos países da Unión.

O fortalecemento das relacións entre a Unión Europea e Guinea Bissau pasa a ser unha premisa básica para manter o acordo fixado que expira o próximo novembro. China segue unha política expansiva internacional moi agresiva, mentres Europa é incapaz de manter os acordos con terceiros países, algo que hipoteca o futuro do sector e de centos de familias galegas.

Polo exposto, o Grupo Parlamentar de En Marea presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a que se dirixa ao Goberno central para que inste á Unión Europea á apertura dunha nova rolda de negociacións entre a Unión Europea e Guinea-Bissau, co obxectivo da renovación do acordo bilateral de pesca que expira o 23/11/2017.

Santiago de Compostela, 30 de setembro de 2017.

Asdo.: Carmen Santos Queiruga,

Asdo.: Juan José Merlo Lorenzo

Voceira s. do G.P. de En Marea

Deputado do G.P. de En Marea.



Asinado dixitalmente por:

Carmen Santos Queiruga na data 30/08/2017 11:07:00

Juan José Merlo Lorenzo na data 30/08/2017 11:07:07



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/08/2017 13:16
Nº Rexistro: 14802
Data envío: 30/08/2017 13:16:25.940

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas e deputados **Montserrat Prado Cores, Luis Bará Torres, Ana Belén Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión**, relativa á necesidade da construción dun centro de día no concello de Rianxo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Pese a que Galiza é un país con unha poboación cada vez máis envellecida, a falta de dispositivos e recursos para atender ás persoas en situación de dependencia é unha constante.

É unha evidencia a necesidade de implementar recursos públicos que dean resposta ás necesidades tanto das moitas persoas maiores como das que están en situación de dependencia.

Dentro dos recursos demandados ocupan un lugar moi importante os centros de día. Dispositivos pensados para dar respostas as necesidades destas persoas, mellorar a súa calidade de vida, desde a proximidade e permitindo que sigan vivindo no seu entorno familiar evitando o desarraigo e tamén facilitando a conciliación laboral e familiar.



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á atención a estas persoas debería ser unha prioridade por parte da Xunta de Galiza, mais lonxe diso a realidade é que son miles as que seguen a agardar por eses recursos.

Entre estes está o concello de Rianxo, onde hai desde hai tempo a demanda de que o concello conte cun centro de día. @s veciñ@s levan meses loitando para que a súa demanda sexa atendida por parte da Xunta. Téñense organizado nunha plataforma para sumar esforzos, de tal xeito que levan recollido sinaturas, realizado concentracións, manifestacións, protestas e un peche ininterrompido desde o día 13 de xullo no salón de plenos do concello.

O BNG leva tempo tamén demandando o centro de día para Rianxo. Son moitas as xestións e esforzos realizados polo Goberno municipal, que ten mostrado a súa vontade de acadar unha solución, a empezar pola posíbel ubicación, realizando a cesión de terreos ou a posibilidade de rehabilitación de algún edificio existente, e temos presentado iniciativas parlamentares a empezar pola inclusión de emendas en repetidas anualidades nos orzamentos da Xunta.

A petición dun centro de día para Rianxo está máis que xustificada, este concello ten arredor de tres mil persoas con máis de 65 anos, e un número importante tanto dos que se desprazan a outros concellos para recibir atención como dos que están en situación de acudir a un centro destas características de existir no concello.

A pesar de todo o exposto, a Xunta de Galiza está a mostrar unha total insensibilidade diante das demandas de veciñ@s e concello de construción dun centro de día.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/08/2017 13:16
Nº Rexistro: 14802
Data envío: 30/08/2017 13:16:25.940

Por todas estas razóns, o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en comisión:

“O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a iniciar os trámites administrativos e de dotación de fondos públicos para a construción dun centro de día público, no concello de Rianxo, e a tal fin xa estableza unha partida nos orzamentos da Xunta para o ano 2018.”

Santiago de Compostela, 30 de agosto de 2017

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Luis Bará Torres

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Belén Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/08/2017 13:16
Nº Rexistro: 14802

Data envío: 30/08/2017 13:16:25.940

María Montserrat Prado Cores na data 30/08/2017 13:09:25

Xose Luis Rivas Cruz na data 30/08/2017 13:09:30

Olalla Rodil Fernández na data 30/08/2017 13:09:34

Noa Presas Bergantiños na data 30/08/2017 13:09:46

Xosé Luis Bará Torres na data 30/08/2017 13:09:49

Ana Pontón Mondelo na data 30/08/2017 13:09:52



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/08/2017 13:47
Nº Rexistro: 14808
Data envío: 30/08/2017 13:47:40.782

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Noa Presas Bergantiños, Ana Belén Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 3ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Xunta de Galiza, en cumprimento do marco legal e estatutario, nutre nunha parte os orzamentos dos entes provinciais do país e polo tanto debe pronunciarse a respecto da súa boa administración de cara a que o uso de recursos dos galegos e galegas teñan un retorno xusto na totalidade do territorio. Actualmente, os entes provinciais teñen a súa principal fonte de recursos nos ingresos por operacións correntes. Neste sentido, se observamos os recursos últimos orzamentos aprobados o capítulo de transferencias correntes supera tres cuartas partes do seu total. A partida máis importante vén dada das transferencias por parte da Administración Xeral do Estado, froito do modelo centralista imposto. Despois destas transferencias correntes, son tamén unha importante fonte de financiamento (nun 21,4% do total) aqueles ingresos procedentes dos tributos provinciais xestionados, é dicir, das contías que os propios veciños e veciñas pagan de forma indirecta, o que pon novamente de manifesto a importancia da súa achega e a necesidade de que as administracións velen porque o destino destas teña unha finalidade non discrecional.

Entre outras cuestións relevantes dos orzamentos provinciais, podemos destacar tamén que como xa é habitual e como consecuencia das súas características, os orzamentos das dúas unidades provinciais con menor poboación son as que presentan unha maior media de gasto por habitante, superando en Lugo e Ourense os 240 euros por habitante estando as e



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

os da Coruña e Pontevedra por debaixo dos 160 euros por habitante. Polo tanto, dedúcese a importancia do impacto que o destino destas contías poida ter finalmente nos servizos e actuacións prestados polas institucións á veciñanza destas poboacións cunhas características socioeconómicas específicas, que deben demandar unha maior responsabilidade na súa administración.

Desde o Bloque Nacionalista Galego, alén de cuestionar o marco artificial das divisións provinciais, de costas ás comarcas tradicionais galegas, e o seu modelo centralista deseñado para favorecer a uniformización do poder central, temos denunciado de forma contundente e concreta o uso da Deputación de Ourense como un mecanismo de control social e político que emprega recursos públicos para tal fin.

Mentres nos últimos anos no resto das deputacións foron dando pasos a prol da obxectividade no reparto de fondos, a Deputación de Ourense funciona en dirección contraria: discrecionalidade e ineficiencia. Por exemplo, podemos salientar como é a deputación que máis porcentaxe (superando o 60%) de orzamento destina aos gastos de funcionamento (suma de gastos de persoal e de bens e servizos correntes) sendo a única que destina máis da metade dos seus fondos para tales efectos. Así mesmo, é a que menos orzamento destina a investimentos e a protección económica e social. Caracterízase, ademais, polo excesivo número de subvencións nominativas e o reparto discrecional do remanente, a través de sucesivos expedientes de modificación de crédito, que case sempre benefician aos mesmos concellos da mesma cor política.

Fronte a isto, o Bloque Nacionalista Galego ten defendido que as deputacións deben afondar na elaboración e aprobación de Plans únicos de cooperación que baixo criterios obxectivos repartan os fondos para os concellos, a entidade máis achegada á veciñanza, evitando o uso coercitivo dos fondos e garantindo unha achega para estas entidades, tan castigadas tamén polos recortes e polo modelo de financiamento do centralismo estatal.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A Deputación de Ourense, malia o seu orzamento de 77 millóns apenas investirá pouco máis que o 6% para os únicos Plan (emprego e acción social) que se distribúen a todos os concellos en función de criterios públicos (aínda que discrepamos da súa linealidade), o que constitúe unha cantidade anecdótica, deixando o groso dos orzamentos baixo a discrecionalidade. Todo isto contrasta de forma evidente coa situación das outras Deputacións, que destinan por riba do 25% a tales efectos. Alén destas cuestións, xa se sinalou a discrecionalidade do reparto do superávit.

Por moitos dos motivos indicados e malia as diferenzas políticas, o pasado 9 de agosto os tres grupos políticos da oposición da Deputación ourensá: PSdG-PSOE, Democracia Ourenzá e BNG defenderon no Pleno Extraordinario do organismo unha moción conxunta para avanzar na obxectividade do reparto de fondos públicos. Cuestión desprezada polo Partido Popular que volveu empregar o perverso mecanismo de emendas do seu regulamento para desvirtuar e desprezar as propostas.

Desde o Bloque Nacionalista Galego entendemos que esta é unha cuestión primordial na que a Deputación de Ourense tamén debe avanzar. O uso non discrecional dun volume tan amplo de orzamentos públicos debe ser unha garantía democrática para os e as ourensás e por extensión tamén a todos os galegos e galegas, camiñando cara a harmonización e extensión deste tipo de planificacións orzamentarias. Polo tanto, e debido aos seus vínculos estatutarios, a Xunta de Galiza debe tomar posición e este Parlamento non pode permanecer alleo.

Por todo o exposto o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 3ª:

“O Parlamento de Galiza acorda instar á Xunta de Galiza a que demande da Deputación de Ourense:



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

1- Que no vindeiro orzamento, e tendo en conta os criterios de reparto xa establecidos pola FEGAMP, se faga o reparto aos concellos da provincia de Ourense a través dun Plan Único de Investimentos que se sitúe na fronteira dun terzo do total do orzamento, como xa fan as restantes Deputacións galegas.

2- Que a Deputación suplemente no actual exercicio orzamentario, as partidas destinadas á cooperación co cos concellos (plan provincial, plan de emprego, etc) dotándoas dos recursos necesarios para modificar as actuais cantidades de reparto ata situalas nuns índices semellantes ao resto das deputacións do País.

3- Que os recursos públicos, os recursos de todas e todos, se repartan de xeito obxectivo e responsábel na procura dunhas mellores condicións e vida para os novos conveciños e conveciñas.”

Santiago de Compostela, 30 de agosto de 2017

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Luis Bará Torres

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Belén Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/08/2017 13:47
Nº Rexistro: 14808

Data envío: 30/08/2017 13:47:40.782

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 30/08/2017 13:43:56

Xosé Luis Bará Torres na data 30/08/2017 13:44:02

Olalla Rodil Fernández na data 30/08/2017 13:44:06

Xose Luis Rivas Cruz na data 30/08/2017 13:44:11

María Montserrat Prado Cores na data 30/08/2017 13:44:14

Ana Pontón Mondelo na data 30/08/2017 13:44:15



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Noa Presas Bergantiños, Ana Belén Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 2ª**, relativa aos danos causados polas obras do AVE en Castrelo do Val e as actuacións que debe levar a cabo o goberno galego.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A historia das obras do AVE con Galiza vén de lonxe e trae canda si unha ampla traxectoria de incumprimentos e agravios. Desde os continuos retrasos nas obras, a falta de execución dos orzamentos, a ausencia dunha planificación do transporte que non deixe abandonadas as conexións de cercanías, as dúbidas sobre o alcance que terá realmente a dobre vía, etc. En moitos concellos ourensás, como é o caso de Castrelo do Val, cómpre engadir continuos danos ao territorio e á súa poboación, que ve como as obras acompañan diversas actuacións que non se poden repetir.

No que atinxe ao tramo entre Lubián e Ourense podemos recordar, por exemplo, como no ano 2014 a Confederación Hidrográfica Miño-Sil tivo que sancionar, após denuncias de organizacións ecoloxistas e do SEPRONA, unha grave e significativa alteración do río causado polas obras. Na altura, no Foxo Vello, a



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

carón de Campobeceros, desviouse o caudal por un tubo de máis de 140 metros, alterando as correntes, incrementando os riscos de contaminación e alterando de forma drástica o medio biolóxico. Unha sanción que finalmente se baseou na non petición de permisos e que supón unha anécdota para as construtoras, fallando tamén a inspección por parte da propia administración que non emprega os recursos a disposición. Acontecementos coma este non foron excepcionais e podemos recordar tamén denuncias de verteduras e danos neste e noutros recursos hídricos, por exemplo no Támea.

A situacións como a descrita hai que engadir os numerosos danos que causan as obras do AVE nas infraestruturas, especialmente en vías secundarias e mesmo camiños de paso que empregan para transportar ou mesmo almacenar material. Un dos casos extremos é o dano reiterado a unha parte importante da OU-114 que fai que o traxecto entre Campobeceros e Verín sexa de difícil e perigoso tránsito. Unha situación que non é nova e que supón graves molestias para a veciñanza ao incrementar os seus tempos de desprazamento e ao supoñer un desgaste nos vehículos que incrementa o custe.

Mentres, o Estado desinviste en Galiza e non vela polos dereitos desta veciñanza e a Xunta de Galiza evade as súas responsabilidades como administradora. Malia que ADIF ten adjudicado a Tragsa un plan de reparación das estradas afectadas pertencentes á Xunta e á Deputación, a espera continúa e a veciñanza mobilízase para esixir unha solución.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/08/2017 10:40
Nº Rexistro: 14892
Data envío: 31/08/2017 10:40:51.506

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 2ª:

“O Parlamento Galego acorda instar á Xunta de Galiza a levar as actuacións e negociacións necesarias co goberno central e con ADIF para garantir a reparación dos danos provocados polas obras do AVE na estrada OU-114, especialmente no tramo entre Campobeceros e Verín.”

Santiago de Compostela, 31 de agosto de 2017

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Luis Bará Torres

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Belén Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 31/08/2017 10:35:05



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/08/2017 10:40
Nº Rexistro: 14892
Data envío: 31/08/2017 10:40:51.506

Xosé Luis Bará Torres na data 31/08/2017 10:35:08

María Montserrat Prado Cores na data 31/08/2017 10:35:12

Xose Luis Rivas Cruz na data 31/08/2017 10:35:15

Olalla Rodil Fernández na data 31/08/2017 10:35:17

Ana Pontón Mondelo na data 31/08/2017 10:35:24



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas e deputados **Xosé Luis Rivas Cruz, Luis Bará Torres, Ana Belén Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Montserrat Prado Cores e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 7ª**.

Os resultados derivados dos estudos sobre o impacto medioambiental, e tamén económico, da *néspera velutina* e do seguimento que se está a facer desde a súa chegada a Galicia, revelan importantes danos no sector agrario, nos sectores da fruticultura e da apicultura. As perdas asociadas a esta especie van en aumento e a evolución non invita ó optimismo neste sentido.

As especies exóticas son vexetais, animais, fungos e microorganismos que son transportados salvando obstáculos ecolóxicos e se establecen en zonas situadas fóra da súa área de distribución natural. Algunhas poden resultar invasoras, (como sucede coa *Vespa velutina*), e difúndense rapidamente polo medio natural desprazando especies autóctonas competidoras.

A desaparición das poboacións de polinizadores que son depredados pola vespa velutina constitúen un dano medioambiental irreparable e de importantísimas consecuencias no equilibrio biolóxico e no labor polinizador destes insectos, que é onde se afianza un pilar imprescindible da agricultura e do nacemento e expansión dos cultivos, base da nosa alimentación.


 BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

 Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
 Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
 gp-bng@parlamentodegalicia.gal
 15702 Santiago de Compostela
 Galiza

Situándonos no tempo de hoxe, co sabido e coa certeza da gravidade do problema que se nos presenta(aínda non sabemos ata onde pode chegar a súa expansión xeográfica e a intensidade da mesma), cos danos económicos xa causados e coa incidencia acusada no equilibrio medioambiental, podemos deducir que a cuantía dos danos xa ocasionados non son cuantificables facilmente e van en aumento ano a ano.

A Deputación da Coruña ten asinado un convenio de investigación arredor do tema coa Universidade da Coruña. A Directora Xeral de Patrimonio Natural e Biodiversidade falou dun convenio en portas entre a súa dirección xeral e as tres universidades do País.

Non hai moito, o Director Xeral de Gandería diante da demanda por parte de AGA de axudas para a reposición de enxames e como os fondos do Plan Apícola non daban para máis, fixo a promesa de encaixa-las mencionadas axudas na Orde de Protección de Razas Autóctonas.

É evidente a necesidade da investigación para dar luz nas medidas a tomar. Esta investigación debería ter polo menos dúas liñas, unha encamiñada á avaliación de danos tanto económicos coma medio-ambientais, e outra encamiñada á parasitoloxía na busca de organismos que faciliten unha loita biolóxica segura.

Sabemos da existencia dunha Comisión de seguimento do problema onde está presente só a Administración: Medio Ambiente, Medio Rural, Fegamp e Vicepresidencia. As asociacións representativas do Sector non teñen constancia de que se reúnan, emitan informes, planifiquen, tomen medidas.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo isto, facéndonos eco da preocupación e das demandas da Plataforma Stop Velutina, e en vista da cansina resposta da administración ás demandas dos sectores afectados, o Grupo Parlamentar do BNG formula a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 7ª:

“O Parlamento de Galiza insta ao goberno galego a:

- Potenciar e tutelar desde a Administración Autonómica o desenvolvemento de proxectos de investigación para atopar estratexias de control da poboación ou no mellor dos casos a erradicación de xeito e maneira que non se prexudique a especies autóctonas nin ó equilibrio dos ecosistemas.

- Que a competencia para a xestión da loita contra a velutina sexa asumida por un único organismo especializado no tema (Comisión de Seguimento) que aúne tódolos coñecementos e métodos de loita e que conte coa presenza do sector asociativo apícola nas súas reunións.

- Potencia-la loita preventiva en primavera mediante o trampeo para a captura de rañas evitando o nacemento de entre 15.000 e 18.000 exemplares futuras colonias de velutina, sendo a Consellería de Medio Ambiente quen asuma o labor de trampeo como unha das estratexias de control citadas no Decreto Español que regula o Catálogo de especies exóticas invasoras.

- Plena aplicación das actuacións de coordinación plasmadas no documento "Estratexias de xestión, control e posible erradicación do tártago asiático", no que se designa ao MAGRAMA e máis ao Grupo de Traballo de Especies Exóticas Invasoras (GTEEI), como as entidades competentes para á coordinación entre Administracións.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/08/2017 11:04
Nº Rexistro: 14897
Data envío: 31/08/2017 11:04:17.790

- Verifica-la utilidade e funcionalidade de Tragsa no combate desta especie invasora.”

Santiago de Compostela, 31 de agosto de 2017

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**

Luis Bará Torres

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Montserrat Prado Cores

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Belén Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xose Luis Rivas Cruz na data 31/08/2017 11:02:24

María Montserrat Prado Cores na data 31/08/2017 11:02:29

Olalla Rodil Fernández na data 31/08/2017 11:02:31

Noa Presas Bergantiños na data 31/08/2017 11:02:34



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/08/2017 11:04
Nº Rexistro: 14897
Data envío: 31/08/2017 11:04:17.790

Xosé Luis Bará Torres na data 31/08/2017 11:02:37

Ana Pontón Mondelo na data 31/08/2017 11:02:42

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de En Marea, por iniciativa dos seus deputados **Marcos Cal Ogando** e **Luís Villares Naveira**, ao abeiro do artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 2.^a**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Un informe da Axencia Europea do Medio Ambiente alertaba sobre as consecuencias e riscos que o cambio climático tiñan para Galicia, dende o incremento do nivel do mar á elevación da temperatura media pero, sobre todo, pola diminución de precipitacións que podería chegar en pouco tempo ao 30% en moitos meses. A pesar diso, hoxe Galicia continúa tendo os maiores focos de CO₂ do Estado e a nosa emisión de gases de efecto invernadoiro supón un 0,12% do total mundial, cando apenas chegamos ao 0,045 da poboación total.

A Xunta de Galicia non ten feito nada para evitar esta situación, en moitos casos aprobando normativas que van no senso contrario, en consecuencia, as súas políticas teñen contribuído á escaseza de auga dos últimos días que afectan á correcta extinción dos lumes forestais pero tamén, de forma moi significativa, ao subministro de auga potable en numerosos concellos de Galicia. A Xunta simplemente mira ao ceo a ver que pasa. O seguinte paso: a danza da choiva.

A antiga concepción do noso país como excedente en reservas de auga, onde era inimaxinable períodos de seca como os que estamos a sufrir nos últimos anos, ten actuado sobre as políticas públicas, de forma que non se fomenta nin a súa conservación, nin un correcto uso da auga, ocupándose unicamente a Xunta de plans de emerxencia e actuacións ante a concorrencia desta situación,

esquecendo, unha vez máis, as necesarias políticas de prevención.

Dende o noso grupo queremos poñer o foco sobre unha situación concreta, que é preocupante e absolutamente desatendida polo Goberno galego: Galicia con Asturias presenta as peores taxas de eficiencia da rede de subministro de Auga do conxunto do Estado, con taxas inferiores ao 60% e moi próximas ao 50% na maioría dos casos. Isto quere dicir que o 50% das nosas reservas de auga pérdense durante o transporte dende a captación ata os fogares ou industrias, porcentaxe moi lonxe dos óptimos acadables do 80%. Durante anos, isto non era un problema xa que, salvo cuestións excepcionais, o subministro está garantido polas condicións do noso país, hoxe fanse necesarias medidas correctoras que melloren estes índices.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar de En Marea, presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Comisión.

O Parlamento galego insta á Xunta de Galicia a establecer un plan de mellora da rede de distribución de auga no conxunto do país, en colaboración cos concellos e a FEGAMP, que contemple, entre outras, as seguintes accións.

- a. Renovación de redes e contadores, uso de aplicacións de xestión de caudal en tempo real.
- b. Elaboración de mecanismos e equipos de control de fugas.
- c. Redución do consumo non rexistrado.
- d. Implantación de sistemas de vixilancia da rede de distribución con prelocalización.
- e. Establecemento de plans periódicos de inspección e control das redes de distribución.
- f. Campañas de comunicación antifraude e de uso correcto da rede.



- g. Plans de revisións de consumos sospeitosos.
- h. Avaliacións periódicas do resultado do plan.

Santiago de Compostela, 31 de agosto de 2017.

Asdo.: Marcos Cal Ogando,

Asdo.: Luís Villares Naveira

Deputado do G.P. de En Marea.

Voceiro do G.P de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Marcos Cal Ogando na data 31/08/2017 11:25:54

Luis Villares Naveira na data 31/08/2017 11:26:04

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de **EN MAREA** a través dos seus deputados e deputadas Davide Rodríguez Estévez, Paula Quinteiro Araújo, Marcos Cal Ogando, Paula Vázquez Verao e do seu voceiro, Luís Villares Naveira, ao abeiro do artigo 160 do Regulamento desta Cámara, presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Comisión.

Exposición de motivos

No Concello de Xinzo de Limia, no pobo de Parada de Ribeira, a empresa OCA inicialmente -agora desaparecida, e que mediante cesión á empresa Obras Pavimentos e Instalacións- e actualmente OPAIN S.L., proxectou a construción dunha planta asfáltica, de produción de mesturas bituminosas ou planta de asfalto en quente, e desde o concello concedéuselle unha autorización e licenza para a instalación.

O concello de Xinzo de Limia denegara a instalación da planta por carecer de licenza e pola firme oposición dos veciños dos pobos. Agora a Xunta emitiu un informe sectorial favorable á instalación da mesma e o concello outorgoulle a licenza.

A instalación da planta, estaría achegada a menos de 600 metros do primeiro núcleo urbano e afectaría por proximidade aos pobos de Parada de Ribeira, Gudes, Guntimil, Mosteiro, Damil, San Pedro de Laroá, Laroá, Ouvigo, Covelas e Vilar.



O dano ambiental desta decisión sería nefasto producíndose residuos tóxicos prexudiciais para a saúde das persoas, animais e o entorno: problemas respiratorios, alteracións e malformacións nos fetos, aumento da incidencia do cancro polo emprego de produtos altamente canceríxenos, enfermidades das propios traballadoras da planta, afectación das augas superficiais e subterráneas, que se converterán en choiva ácida, contaminación do aire, ademais de producir un consumo de máis de 23.000 litros de auga cada hora, que non se usan no proceso produtivo pero si para limpar ós áridos empregados posteriormente; auga sucia que despois de empregarse hai que tratar e evacuar e que afectará de xeito significativo ao solo e subsolo.

Ademais afectará, pola proximidade, á zona ZEPA da Limia, recollida no Decreto 411/2009, de 12 de novembro, polo que se declara a zona de especial protección para as aves da Limia, número 436 pertencente á REDE NATURA 2000, a unha distancia de 1538 metros da citada planta de asfalto en quente.

Así, segundo dispón o artigo 46 da Lei 42/2007, de 13 de decembro, do patrimonio natural e da biodiversidade “os órganos competentes terán que adoptar as medidas para evitar o deterioro, contaminación e fragmentación dos hábitats e perturbacións das especies fóra da Rede Natura 2000 na medida que eses fenómenos afecten ao estado de conservación deses hábitats e especies”.

Ademais suporá o paso pola estrada de 12 camións cada hora con produto rematado, ca conseguinte perturbación en ruídos e molestias a veciñanza, o deterioro da estrada polo tráfico pesado, e os problemas que se causarán na circulación ao seu paso polas poboacións.

Tamén prexudicará ao sector agro-gandeiro, por afectación dos montes e das fincas, solo e subsolo nas que se construírá a planta, así como a repercusión na calidade da alimentación, vida e reprodución das vacas e demais gando, que se



verá afectada polo incesante paso de camións, os cheiros, e a contaminación atmosférica e acuífera.

Por todo o exposto o grupo parlamentar EN MAREA presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Comisión.

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

- 1.- Paralizar e denegar a licencia das obras de instalación da planta asfáltica de mesturas bituminosas no pobo de Parada de Ribeira, concello de Xinzo de Limia
- 2.- Estudar cos técnicos en saúde, o posible impacto na poboación dos axentes canceríxenos derivados do uso do produtos na planta de bituminosas.
- 3.- Manter reunións cos veciños afectados, co sector gandeiro e agrario, e co Concello de Xinzo de Limia, a fin de ter en conta a posición da poboación que vai sufrir os riscos de ter un planta de asfalto en quente tan preto das casas, e obter unha posición consensuada respectando a opinión dos pobos e estudando outros posibles emprazamentos se for posible.
- 4.- Emitir novos informes que recollan a afectación e o impacto que vai ter na poboación e na contorna da Rede Natura 2000 e especialmente da Zona ZEPA A Limia.
- 5.- Estudar o impacto medioambiental na auga como vehículo principal de transmisión dos axentes canceríxenos e causantes de malformacións fetais, así como o emprego de auga no concello, co risco de desabastecemento en períodos de seca e o impacto do quentamento global que está a causar en Galicia o mesmo, e de como afectará ao consumo de auga nos vindeiros anos, tanto a nivel poboacional como a nivel medioambiental.
- 6.- Estudar como afectará as traballadoras a exposición continuada a eses produtos canceríxenos, os métodos de prevención de riscos laborais existentes, a posibilidade de desenvolver enfermidades relacionadas con dita exposición.



7.- Estudar o impacto socioeconómico que vai desenvolver a instalación de dita factoría, e o custo do seu desmantelamento futuro, así como o tratamento das augas residuais, a reparación do ecosistema e da flora e a fauna afectadas.

Santiago de Compostela, 31 de agosto de 2017.

Asinado dixitalmente por:

David Rodríguez Estévez na data 31/08/2017 13:53:17

Paula Quinteiro Araújo na data 31/08/2017 13:53:24

Marcos Cal Ogando na data 31/08/2017 13:53:33

Paula Vázquez Verao na data 31/08/2017 13:53:40

Luis Villares Naveira na data 31/08/2017 13:53:49



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número 9178**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Xosé Luis Bará Torres e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as previsións do Goberno galego respecto da realización dalgún tipo de estudo en relación co impacto, nas enerxías renovables de Galicia, da poxa convocada para o 17 de maio de 2017, para a asignación do réxime retributivo específico ás novas instalacións de produción de enerxía eléctrica a partir de fontes de enerxía renovables”**, (publicada no BOPG número 117 do 24 de maio de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía, Emprego e Industria**, que ten o seguinte contido:

“Dende o Goberno galego valórase de xeito positivo o resultado das últimas poxas de renovables executadas polo Ministerio de Enerxía, Turismo y Agenda Digital, xa que supón un impulso ao desenvolvemento deste tipo de enerxías na nosa comunidade: o potencial de execución de proxectos en Galicia supera os 600 megawatts (MWs) o que, no caso de cumprirse as expectativas, pode xerar un investimento que superará os 600 millóns de euros.

Concretamente, nas poxas celebradas os pasados días 17 de maio e 26 de xullo, adjudicáronse un total de 3.000 MW e 5.037 MW respectivamente, dos que preto de 4.000 MW corresponden a enerxía eólica e o restante a enerxía solar e outras tecnoloxías.

Por último, cómpre recordar que os recursos renovables de Galicia fan que os proxectos máis rendibles sexan os relativos aos proxectos de xeración eléctrica a partir da enerxía eólica. Así pois, o Goberno galego continuará a traballar para facilitar o desenvolvemento

destes e outros proxectos enerxéticos a partir de enerxías renovables para contribuír a acadar os obxectivos marcados pola Unión Europea nesta materia.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 4 de setembro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 04/09/2017 14:08:35

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓN PÚBLICA
E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
- 4 SET. 2017
Núm. 15162

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓN PÚBLICA E XUSTIZA
DIRECCIÓN XERAL DE RELACIONES INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS
- 4 SET. 2017
SAIDA
Núm. 720

Solicítolle, consonte o disposto no artigo 144 do Regulamento da Cámara, a comparecencia a petición propia -ante o Pleno- do conselleiro de Sanidade para presentar **"o Plan de Prevención do Suicidio en Galicia"**.

Santiago de Compostela, 1 de setembro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



Blanca García-Señoráns Álvarez



Sr. presidente do Parlamento de Galicia



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



Solicítolle, consonte o disposto no artigo 144 do Regulamento da Cámara, a comparecencia a petición propia -ante o Pleno- do conselleiro de Economía, Emprego e Industria para informar da “Estratexia de Autónomos 2020”.

Santiago de Compostela, 4 de setembro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Á Mesa do Parlamento

Abel Fermín Losada Álvarez, Raúl Fernández Fernández, María Luisa Pierres López e Patricia Vilán Lorenzo, deputados e deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento do Parlamento, presentan ante esa mesa a seguinte interpelación.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O domingo 20 de agosto produciuse un feito de extrema gravidade no transporte de viaxeiros ás illas Cíes. A decisión adoptada pola Xunta de Galicia de impedir o ataque de barcos de viaxeiros nas illas e o de non permitir a saída dende o porto de Vigo de barcos con viaxeiros que adquiriran o seu billete con antelación, desembocou nun grave problema de seguridade para miles de persoas.

Corresponden á Xunta de Galicia todas as competencias relacionadas coa xestión do Parque Nacional das Illas Atlánticas, a autorización a empresas de navegación e o cumprimento de que non se exceda o número máximo autorizado de visitantes. Dende o Grupo Socialista compartimos totalmente a decisión de que exista unha cota de visitantes para preservar o ecosistema medioambiental, pero corresponde á Xunta de Galicia facer respectar este volume máximo para salvagardar a propia imaxe das illas.

Era de todos coñecido que dende hai anos se viñan denunciando situacións irregulares, e polo tanto, correspondía á Xunta de Galicia ter adoptado medidas de control antes do inicio da campaña de verán e da masiva demanda de afluencia ás illas Cíes.

A vulgar polo ocorrido o domingo, e tamén ao día seguinte, desde a Xunta de Galicia non se adoptaron medidas de control previo que evitasen situacións como as producidas o domingo 20 de agosto. Constátase que despois de anos de actuación a Xunta de Galicia non ten un sistema de control que evite a sobreventa de billetes como en calquera outro tipo de evento ou transporte. Desde o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia reprobouse e lamentouse a situación provocada, e esíxese a adopción das medidas que correspondan.

Grupo Parlamentario

A decisión de non permitir atracar a barcos que xa chegaran o seu destino, foi a peor das decisións. Cun risco tremendo para a seguridade marítima, e con risco de graves altercados públicos. Non é razoable pensar en centos de persoas en barcos polo medio da ría, sen poder atracar e obrigándolles a volver ao seu punto de orixe. Todo o contrario ao que aconsella o sentido común e as mínimas medidas de seguridade.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Ademais, esta xestión absolutamente nefasta e irresponsable supuxo un gravísimo dano á imaxe das illas Cíes e ao turismo da cidade de Vigo. Dende hai anos vense traballando de forma moi intensa dende o Concello de Vigo e outras institucións para potenciar estas illas, co obxectivo de conseguir que sexan declaradas Patrimonio da Humanidade pola UNESCO, e actuacións como a relatada tiran por terra o traballo de moito tempo.

Quen responde politicamente do sucedido? 48 horas despois ningún responsable político da Xunta de Galicia dou explicacións, nin asumiu politicamente o dano irreparable causado á cidade de Vigo, termo municipal no que se atopan as illas Cíes. É imprescindible unha explicación dos máximos responsables políticos, o presidente da Xunta de Galicia e a conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, xa que non existe unha explicación sobre a gravísima e irresponsable decisión adoptada.

A medida que pasan as horas, increméntase a sospeita da absoluta incapacidade da Xunta de Galicia para xestionar todo o relacionado co Parque Nacional das Illas Atlánticas; a idea de estar asistindo a unha decisión premeditada de causar un dano moi grave á imaxe das illas Cíes, de Vigo e da súa economía, colle forza e consistencia.

É inexplicable en termos políticos e da mínima lealdade institucional que unha decisión desta envergadura non fose sometida á consideración do Goberno de Vigo. Son, polo tanto, moitas as preguntas ás que o Goberno da Xunta de Galicia debe de responder.

Os socialistas, censuramos a actuación da Xunta de Galicia na decisión de non permitir o acceso ás illas Cíes a miles de persoas que xa estaban nos barcos en medio da ría, poñendo en grave risco a seguridade marítima e a das persoas, e esiximos responsabilidades políticas de quen corresponda por ordenar tan nefasta decisión.

Grupo Parlamentario

Ante esta situación os deputados e as deputadas que asinan interpelan o Goberno galego nos seguintes termos:

Partido dos
Socialistas
de Galicia

1ª) Tiña noticias o Goberno galego da sobre-venta de billetes para as illas Cíes por parte das empresas navieras, se for o caso, desde cando?

2ª) Que mecanismos de control tiña establecidos o Goberno galego sobre o número de billetes vendidos, dado o caso, desde cando?

3ª) Tiña posto o Goberno galego sancións ás empresas navieras que vendían billetes por riba do límite legal, de ser así, cantas sancións impuxo, en que datas, a que empresas e por canto importe?

4ª) Cal foi a razón de tomar a decisión de non permitir o desembarco nas illas Cíes a miles de persoas que xa estaban nos barcos en medio da ría e mesmo nos peiraos?

5ª) Avaliou o Goberno galego os efectos desta decisión en termos de seguridade marítima, e en termos de seguridade das persoas?

6ª) Avaliou o Goberno galego en termos do impacto económico sobre a imaxe do turismo das illas Cíes e do concello de Vigo?

7ª) Considera o Goberno galego que esta decisión afecta á candidatura das illas Cíes como Patrimonio da Humanidade por parte da UNESCO?

Pazo do Parlamento, 23 de agosto de 2017

Asinado dixitalmente por:



Grupo Parlamentario

Abel Fermín Losada Álvarez na data 25/08/2017 11:12:26

Raúl Fernández Fernández na data 25/08/2017 11:12:35

María Luisa Pierres López na data 25/08/2017 11:12:44

Patricia Vilán Lorenzo na data 25/08/2017 11:12:51

Partido dos
Socialistas
de Galicia



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/08/2017 12:47
Nº Rexistro: 14515
Data envío: 25/08/2017 12:47:49.935

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Noa Presas Bergantiños, Ana Belén Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Montserrat Prado Cores e Xosé Luis Rivas Cruz, deputadas e deputados do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, formulan a seguinte Interpelación.

Ao longo do mes de agosto sucedéronse as queixas, alegacións e reclamacións relativas aos novos contratos do chamado Plan de Transporte Público adxudicados pola Xunta de Galiza e que entraron en vigor a comezos de agosto.

Estas reclamacións producíronse en todas as zonas dos novos contratos e foron formuladas tanto por persoas usuarias como por parte dos concellos. E ademais de facer constar o empeoramento do servizo polo cambio ou supresión de liñas, servizos e horarios, alertan sobre as consecuencias que se poden producir co comezo do curso escolar no mes de setembro.

Segundo se desprende de informacións non oficiais, como resposta a estas queixas a Xunta de Galiza comunicoulle ás concesionarias a posibilidade de facer cambios no servizo, chegándose a recuperar nalgúns casos as liñas e horarios antigos, o que suporía unha modificación das condicións dos novos contratos.

Esta situación pon en evidencia o que vén denunciando o grupo parlamentar do BNG desde o inicio do procedemento para a adxudicación dos novos contratos do Plan de Transporte: as présas, a falta de información e de participación, e o escurantismo que caracteriza todo o proceso.



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/08/2017 12:47
Nº Rexistro: 14515
Data envío: 25/08/2017 12:47:49.935

E en relación co anterior, o acontecido até agora pon en evidencia o deficiente traballo das empresas encargadas de facer os estudos previos para a definición da proposta das novas concesións (polos que cobraron máis de 800.000 euros), a cerrazón da Xunta de Galiza ante as advertencias dos erros e deficiencias destas propostas, e a necesidade de consensuar todos estes cambios coas partes interesadas, nomeadamente cos concellos.

A sucesión de decisións precipitadas, unilaterais e non negociadas por parte da Xunta de Galiza deu lugar a unha situación caótica, a un empeoramento do servizo e a unha desfeita que aínda vai ir a peor co comezo do novo curso.

Polo anteriormente exposto, formúlase a seguinte Interpelación:

Como valora o goberno galego a implantación das novas concesións do transporte público e que medidas prevé adoptar para corrixir o caos creado polas mesmas?

Santiago de Compostela, 24 de agosto de 2017

Asdo.: **Luis Bará Torres**
Xosé Luis Rivas Cruz
Noa Presas Bergantiños
Ana Belén Pontón Mondelo
Olalla Rodil Fernández



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/08/2017 12:47
Nº Rexistro: 14515
Data envío: 25/08/2017 12:47:49.935

Montserrat Prado Cores

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 25/08/2017 12:16:17

Xose Luis Rivas Cruz na data 25/08/2017 12:16:24

Noa Presas Bergantiños na data 25/08/2017 12:16:28

María Montserrat Prado Cores na data 25/08/2017 12:16:32

Olalla Rodil Fernández na data 25/08/2017 12:16:33

Ana Pontón Mondelo na data 25/08/2017 12:16:39

Á MESA DO PARLAMENTO

Antón Sánchez García e Marcos Cal Ogando, deputados do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**.

Están en tramitación as autorizacións administrativas previas, declaración de utilidade pública e necesidade de urxente ocupación, e a autorización da construción dos proxectos de parques eólicos de Mouriños, da Pena Forcada-Catasol II, das liñas de evacuación de ambos proxectos.

A instalación destes dous parques supón a ubicación de 7 aeroxeneradores dunha altura de 151 m. nunha zona que ate agora era virxe no que respecta ao eólico, dentro dunha comarca cunha presenza moi importante de parques.

A presenza dos eólicos na Serra de Gontón, inmersos nun conxunto patrimonial singular coma o Castelo de Borneiro, e os antecastelos asociados a este, ou nas inmediacións do val e lagoa de Traba, supón un grande impacto paisaxístico e ambiental nuns concellos cuxa aposta de futuro é o turismo sostible.

A corporación dun destes concellos, o de Laxe, tense manifestado en contra do proxecto e o seu alcalde declarado publicamente que non quería estes eólicos na Pena Forcada, e nada diso se tivo en conta, xa que a Xunta de Galicia desoíu estes chamamentos.

Numerosos colectivos denuncian, ademais dos altos impactos paisaxísticos e ambientais, o escasísimos retorno social da súa instalación.



Unha das vías para o retorno social é o Canon Eólico pero, neste caso, no parque de Pena Forcada, o ingreso para o Concello de Laxe procedente do Fondo de Compensación Ambiental será de cero euros, posto que segundo a Lei 8/2009 de 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crean o Canon Eólico e o Fondo de Compensación Ambiental, o Canon cóbrase en función do número de aeroxeneradores e, neste caso, os parques de 3 ou menos, están exentos.

No caso do parque de Mouríños o Concello recibirá só uns 2.300 euros anuais, e dicimos só porque estamos a falar dunhas instalacións que ás empresas lles producen uns moi altos beneficios.

Observase que non hai criterios claros para a avaliación dos impactos paisaxísticos e ambientais, ademais da presenza ou non en Rede Natura e que a definición das Áreas de Desenvolvemento Eólico ten como elemento, case único e fundamental, o recurso eólico.

Creemos que a día de hoxe habería que ter unhas directrices que permitisen unha avaliación integral e unha maior participación local de institucións e da cidadanía para a definición das áreas.

Parece ser que o Partido Popular e este goberno non opinan o mesmo xa que, lonxe de propor medidas neste senso, o que propón é máis liberalización e non introduce nin unha soa medida que conduza a unha maior planificación, consideración da paisaxe e ambiental ou para mellorar o retorno social da creación de riqueza destes proxectos.

O desenvolvemento do sector eólico en Galiza debería de partir dunha actualización dos postulados nos que se cimentou nos últimos 20 anos, e basearse



nunha planificación racional, sustentable, que teña moi en conta, de xeito integral, aspectos paisaxísticos, ambientais e de retorno social.

Dentro deste último aspecto cumpriría revisar a sistemática aprobación en proxectos similares da declaración de utilidade pública posto que, fundamentalmente, hoxe en día trátase dun negocio privado dunhas poucas empresas.

Compre, pois, unha revisión transparente e participada do modelo e non unha reforma exprés e pola porta de atrás.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte INTERPELACIÓN ao Goberno galego:

- 1) Considera que existen os elementos normativos necesarios para que na instalación de parques eólicos se teña en conta o impacto paisaxístico?
- 2) Considera que é necesario implementar unhas directrices nese senso?
- 3) Pensa que é apropiado que se instale un parque eólico con 3 aeroxeneradores en contra da vontade da corporación do Concello de Laxe e sen ter en conta a planificación económico social endóxena da zona?
- 4) Pensa que á cidadanía destes concellos lle compensa os impactos que se producirían, no caso de construírse os parques, polos ingresos case nulos que percibirán?
- 4) Que valoración lle merece que no caso do Parque de Pena Forcad-Catasol II o Concello non vaia a percibir nin un euro a través do Fondo de Compensación Ambiental, ou mesmo, que a empresa non teña que pagar ni un euro de Cánón Eólico?
- 5) Pensa que habería que acoutar as zonas de desenvolvemento eólico por motivos paisaxísticos?



6) Considera que o sector eólico podería ter máis utilidade na dinamización do rural con outra normativa?

Santiago de Compostela, 25 de agosto de 2017.

Asdo.: Antón Sánchez García
Marcos Cal Ogando
Deputados do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Antón Sánchez García na data 25/08/2017 14:25:37

Marcos Cal Ogando na data 25/08/2017 14:25:47



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/08/2017 12:21
Nº Rexistro: 14714
Data envío: 29/08/2017 12:21:03.915

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, Luis Bará Torres, Ana Belén Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz e Noa Presas Bergantiños, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, relativa a saber as medidas desenvolvidas pola Xunta de Galicia para esixir a modificación da actual lexislación que regula a concesión de prestacións asistenciais para traballadores do mar para que inclúan a@s percebeir@s, mariscadoras, redeiras e outros casos de discriminación

O 30 de marzo, ocorría en Malpica un novo desgraciado accidente. Unha onda de mar levaba a un dos seus percebeiros, mentres recollía os prezados cirrípidos na costa de Razo, concello de Carballo e morría afogado. Foi un suceso que conmocionou a toda Comarca, dado que o percebeiro era unha persoa ben coñecida: percebeiro, activista cultural, poeta, etc. Pero tamén a todo o sector do mar dado que este percebeiro caracterizábase por desenvolver unha actividade en defensa e dignificación dos traballadores do mar, apostando por unha actividade regrada, avogando por medidas de control para preservar o recurso e pódolle cara ao furtivismo, inculcando sempre a seguridade contra a improvisación ou valentía. “Os cemiterios están cheos de valentes”, dicía. Apoiando a auto-organización do sector para que fose protagonista da súa explotación, pero tamén con medidas de comercialización para alcanzar mellores prezos ou iniciativas de supervivencia do propio sector: como a defensa do dereito a poder pescar ou de defensa da pesca artesanal en contraposición a pesca industrial.

Igualmente poderíamos lembrar o suceso da percebeira de Oia no ano 2014, ou outros similares, que teñen acontecido ao longo do litoral galego nos últimos anos, para exemplificar a traxedia dunha perda humana e desleixo e alonxamento das autoridades, que



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/08/2017 12:21
Nº Rexistro: 14714
Data envío: 29/08/2017 12:21:03.915

teñen a responsabilidade de recoñecer as prestacións asistenciais, mais que ignoran a nosa realidade.

No caso que nos ocupa os familiares deste percebeiro, asesorados pola propia confraría, e baixo o apoio moral do ISM da Coruña, teñen presentado solicitude de prestación asistencial por falecemento encontrándose cunha crúa realidade, de que a mesma é denegada. A razón que aducen para esta denegación é que dito falecemento non se ten producido a bordo de embarcación.

Esta negativa evidencia a discriminación e o total desamparo a este colectivo de traballadores/as, adscrit@s ao ISM, que son excluíd@s polo feito de non estar embarcad@s. Pero tamén vemos unha faciana burocrática e totalmente desinteresada pola problemática do sector na falta de acompañamento do Goberno galego na solución desta discriminación, baixo a xustificación de que son competencias de Madrid.

A denegación da solicitude deste dereito fundaméntana no Real Decreto 869/2007 de 2 de xullo (BOE do 14 de xullo) polo que se regula a concesión de prestacións asistenciais derivadas do traballo no mar para traballadoras/es e beneficiarios/as do Réxime Especial da Seguridade Social dos Traballadores do Mar e se establecen determinados servizos @s traballadores/as do mar que non contempla esta situación e que deixa fora de regulación a actividade d@s percebeir@s.

O obxectivo deste decreto é regular as prestacións asistenciais en atención a continxencias e situacións especiais do traballo no mar pero que deixa fora este singular colectivo e non ten reparo en ignoralo aducindo criterios burocráticos.

A isto súmase a Orden TAS/29/2008 de 15 de xaneiro (BOE de 19 de xaneiro) pola que se desenvolve o Real Decreto 869/2007 de 2 de xullo (BOE de 14 de xullo). Esta establece o tipo de prestacións asistenciais a que teñen dereito @s traballadores/as do mar, os requisitos esixidos, así como a documentación acreditativa para poder ter dereito as



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/08/2017 12:21
Nº Rexistro: 14714
Data envío: 29/08/2017 12:21:03.915

contías, mais vinculando a prestación por “falecemento ou desaparición” con que a mesma se realice a bordo da embarcación e a de “traslado do cadáver” a que o traballador/a desenvolviera ou prestara os servizos a bordo de buque estatais ou estranxeiros.

Todas estas cuestións lexislativas ignoran por completo a realidade do desenvolvemento das labores profesionais d@s traballadores do mar en Galicia, neste caso do colectivo de perceber@s.

En similar situación poderíamos incluír ás mariscadoras a pé ou ás redeiras, que tamén quedan excluídas da actual normativa, que non recolle a estes colectivos, a pesares de que todos están incluídos dentro do réxime Especial da Seguridade Social d@s Traballadores/as do Mar.

Esta problemática foi tratada no último Consello Galego de Pesca, acadándose o compromiso de convocar unha reunión específica da Comisión de Política Social para mediados do mes de setembro, dado que apareceron variados casos, coa intención de recollelos todos e establecer unha estratexia común.

Estas son as razóns polas que se formula a seguinte interpelación:

-Cal é a razón de que a administración galega non teña presentado ningún recurso diante do ISM solicitando que se inclúa na normativa actual aos colectivos que desenvolven a súa actividade no mar, ou relacionados con ela, susceptíbeis de sufrir estes accidentes?

-Ten intención de presentalo agora?

-De ser así vai facelo con carácter retroactivo para que se lles reconeza os dereitos aos familiares que sufriron estes tráxicos sucesos?



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/08/2017 12:21
Nº Rexistro: 14714
Data envío: 29/08/2017 12:21:03.915

-Considera o Goberno galego que a normativa estatal establecida con respecto ao colectivo de traballadores/as do Mar que non están embarcados é unha discriminación asumíbel?

-Ten realizado algunha actuación para modificar esta discriminación?

-Que medidas foron desenvolvidas pola Xunta de Galicia para esixir a modificación da actual lexislación que regula a concesión de prestacións asistenciais para traballadores/as do mar para que inclúan @s percebeir@s, mariscadoras, redeiras e outros casos de discriminación?

-Convocouse a Comisión de Política Social do Consello Galego de Pesca?

-Cales foron as conclusións?

Santiago de Compostela, 29 de agosto de 2017

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Luis Bará Torres

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Ana Belén Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/08/2017 12:21
Nº Rexistro: 14714

Data envío: 29/08/2017 12:21:03.915

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 29/08/2017 12:19:44

Xosé Luis Bará Torres na data 29/08/2017 12:19:49

Noa Presas Bergantiños na data 29/08/2017 12:19:53

Olalla Rodil Fernández na data 29/08/2017 12:19:57

Xose Luis Rivas Cruz na data 29/08/2017 12:20:01

Ana Pontón Mondelo na data 29/08/2017 12:20:04



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/08/2017 10:40
Nº Rexistro: 14777
Data envío: 30/08/2017 10:40:58.821

Á Mesa do Parlamento

Xosé Luis Rivas Cruz, Luis Bará Torres, Ana Belén Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Montserrat Prado Cores e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, relativa ao Estudo de Impacto Ambiental Simplificado 2017/0050 tramitado baixo o título de “PLANTA DE ALMACENAMENTO E VALORIZACIÓN DE RESIDUOS NON PERIGOSOS INDUSTRIAIS E URBANOS NO LUGAR DE TEIXOEIRA-SANTA ICÍA (ARTEIXO)”.

O día 19 de xullo de 2017 publicouse na páxina web da Consellaría de Medio Ambiente e Sostibilidade o trámite de información pública do impacto ambiental simplificado dun proxecto denominado “PLANTA DE ALMACENAMENTO E VALORIZACIÓN DE RESIDUOS NON PERIGOSOS INDUSTRIAIS E URBANOS NO LUGAR DE TEIXOEIRA-SANTA ICÍA (ARTEIXO)”.

A localización desta infraestrutura faise nuns terreos cualificados polas normas subsidiarias de Arteixo como rústicos de protección forestal e están situados, nalgún caso, a menos dun quilómetro de lugares habitados, como son Santa Icíá, Novo Mesoiro, Vilarrodrís, A Maceira, O Moucho, Feáns, Urbanización Breogán, Mesoiro, Vío etc.

Non descubrimos nada novo se dicimos tamén que se trata dunha contorna tremendamente afectada por varias infraestruturas importantísimas e cun forte impacto no medio: autoestrada AG-55, estrada de acceso ao porto exterior, estrada AC-552, camiño de ferro tanto de mercadorías como de alta velocidade, gasoduto, liñas de alta



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

tensión, canteiras, un polígono industrial e as reservas que xa fixo a Xunta para o futuro que condicionan o noso futuro etc.

Por todo isto, aínda nos resulta máis sorprendente o lugar escollido, que contribuiría para afectar de xeito moi importante e definitiva outra zona próxima a vivendas, facendo que a calidade de vida se vexa máis perturbada tendo en conta que se fala dunha planta e do tratamento de materiais como chumbo e aluminio.

A motivación máis importante que temos é, desde logo, a afectación sobre as persoas e o medio en que viven, mais hai outras que poderíamos tamén mencionar e que consideramos que desde o BNG que se deben ter en conta por teren consecuencias directamente sobre as persoas e a súa contorna: o tipo de residuos que se van tratar e que teñen un impacto importante no medio, sen que se entre ao pormenor no proxecto nas medidas que se van adoptar; a transformación urbanística da contorna, que non se describe e que ten moita importancia, notando que agora mesmo o que hai é unha zona forestal con camiños de terra; o impacto das machacadoras, tanto polo po como polos rúidos; o feito de que se traten residuos como plásticos, aluminio, chumbos, restos de pintura etc, sen que o proxecto describa ao pormenor as medidas que se deben pór en funcionamento para minimizaren os seus efectos etc.

As medidas de seguimento ambiental que se describen no proxecto son de certo mínimas e completamente insuficientes, de modo que o proxecto ben podería ser definido, en termos coloquiais, como “un pasar de todo”.

Por outro lado, parécenos totalmente irracional, desproporcionado e caótico que se vaian instalando plantas desta índole en calquera parte, sen unha planificación de conxunto, pois está claro que no corresponden a ningunha estratexia global. Na Galiza xa existen plantas como esta e por tanto non parece lóxico comezar a autorizar vertedoiros por todo o territorio, estragando aínda máis este país do que xa está.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/08/2017 10:40
Nº Rexistro: 14777
Data envío: 30/08/2017 10:40:58.821

Co fin de solventar a discriminación á que se ve sometida non só a provincia de Ourense se non tamén todos os familiares e persoas con discapacidade física, parálise cerebral e dano cerebral, a plataforma ProCAPD-Ourense concitou o apoio e a colaboración de todas as organizacións representativas da provincia así como máis de 50.000 sinaturas de apoio para a creación de un CENTRO TERAPÉUTICO OCUPACIONAL, ou o que é o mesmo un, CAPD na provincia de Ourense.

O compromiso de construción de un centro de atención terapéutica- ocupacion público de xestión pública, que integre centro residencial, centro de día e prazas de respiro familiar foi asinado o 19 de setembro de 2016 en Ourense por todos os partidos políticos.

Mais con ocasión de examinar o proxecto exposto polos técnicos da Consellería, a plataforma ProCAPD-Ourense descubriu que o que se pretende levar a cabo é a creación de un “centro ocupacional con servizo de atención diurna e residencial”. Este proxecto non é o que a Plataforma demanda, nin o que os partidos políticos (PP, PSOE, BNG, EN MAREA, D.O.) asinamos naquel acordo de setembro, que está moi lonxe das prazas comprometidas e que segundo os planos dificilmente vai poder ser xestionado sen externalizar servizos, imposibilitando a xestión pública tamén comprometida.

O que esixe a plataforma, e o ao que nos comprometimos as distintas organización políticas e sindicais e as administracións, é a un centro de servizos específicos de atención residencial, diurna e respiro familiar destinados a persoas dependentes con discapacidade física, parálise cerebral e dano cerebral, un Centro de Atención Terapéutica-ocupacional”, público e de xestión pública, atendido por empregados públicos.

Froito da mobilización social, a Xunta de Galiza accedeu a procurar un proxecto



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

axeitado ás demandas no primeiro semestre de 2017. Por todo isto, formúlase a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno:

Cal é a evolución das xestións da Xunta para garantir un Centro de Atención terapéutica-ocupacional de xestión pública na provincia de Ourense acorde coa demanda da Plataforma social e do compromiso adquirido polas administracións?

Pode a Xunta de Galiza confirmar que será de carácter público?

Que planificación temporal ten a Xunta de Galiza?

Ten algún tipo de previsión canto a dotación e número de prazas?

Santiago de Compostela, 30 de agosto de 2017

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Ana Belén Pontón Mondelo

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Xosé Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 30/08/2017 13:52:07

María Montserrat Prado Cores na data 30/08/2017 13:52:12



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/08/2017 09:30
Nº Rexistro: 14815

Data envío: 30/08/2017 14:00:21.512

Ana Pontón Mondelo na data 30/08/2017 13:52:13

Xose Luis Rivas Cruz na data 30/08/2017 13:52:15

Olalla Rodil Fernández na data 30/08/2017 13:52:16

Xosé Luis Bará Torres na data 30/08/2017 13:52:18



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Ana Belén Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Luis Bará Torres, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno**, relativa aos danos causados polas obras do AVE en Castrelo do Val e as actuacións que debe levar a cabo o goberno galego.

A historia das obras do AVE con Galiza vén de lonxe e trae canda si unha ampla traxectoria de incumprimentos e agravios. Desde os continuos retrasos nas obras, a falta de execución dos orzamentos, a ausencia dunha planificación do transporte que non deixe abandonadas as conexións de cercanías, as dúbidas sobre o alcance que terá realmente a dobre vía, etc. En moitos concellos ourensás, como é o caso de Castrelo do Val, cómpre engadir continuos danos ao territorio e á súa poboación, que ve como as obras acompañan diversas actuacións que non se poden repetir.

No que atinxe ao tramo entre Lubián e Ourense podemos recordar, por exemplo, como no ano 2014 a Confederación Hidrográfica Miño-Sil tivo que sancionar, após denuncias de organizacións ecoloxistas e do SEPRONA, unha grave e significativa alteración do río causado polas obras. Na altura, no Foxo Vello, a carón de Campobeceros, desviouse o caudal por un tubo de máis de 140 metros, alterando as correntes, incrementando os riscos de contaminación e alterando de



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/08/2017 10:41
Nº Rexistro: 14895
Data envío: 31/08/2017 10:41:21.054

forma drástica o medio biolóxico. Unha sanción que finalmente se baseou na non petición de permisos e que supón unha anécdota para as construtoras, fallando tamén a inspección por parte da propia administración que non emprega os recursos a disposición. Acontecementos coma este non foron excepcionais e podemos recordar tamén denuncias de verteduras e danos neste e noutros recursos hídricos, por exemplo no Támeiga.

A situacións como a descrita hai que engadir os numerosos danos que causan as obras do AVE nas infraestruturas, especialmente en vías secundarias e mesmo camiños de paso que empregan para transportar ou mesmo almacenar material. Un dos casos extremos é o dano reiterado a unha parte importante da OU-114 que fai que o traxecto entre Campobeceros e Verín sexa de difícil e perigoso tránsito. Unha situación que non é nova e que supón graves molestias para a veciñanza ao incrementar os seus tempos de desprazamento e ao supoñer un desgaste nos vehículos que incrementa o custe.

Mentres, o Estado desinviste en Galiza e non vela polos dereitos desta veciñanza e a Xunta de Galiza evade as súas responsabilidades como administradora. Malia que ADIF ten adjudicado a Tragsa un plan de reparación das estradas afectadas pertencentes á Xunta e á Deputación, a espera continúa e a veciñanza mobilízase para esixir unha solución.

Por todo o exposto fórmase a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno:



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/08/2017 10:41
Nº Rexistro: 14895
Data envío: 31/08/2017 10:41:21.054

Que actuacións vai levar a cabo o goberno galego para que as estradas ourensás reciban a reparación que lles corresponde por mor dos danos do AVE?

Santiago de Compostela, 31 de agosto de 2017

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Luis Bará Torres

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Belén Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 31/08/2017 10:39:49

María Montserrat Prado Cores na data 31/08/2017 10:39:53

Ana Pontón Mondelo na data 31/08/2017 10:39:54



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/08/2017 10:41
Nº Rexistro: 14895

Data envío: 31/08/2017 10:41:21.054

Xose Luis Rivas Cruz na data 31/08/2017 10:39:56

Olalla Rodil Fernández na data 31/08/2017 10:39:57

Xosé Luis Bará Torres na data 31/08/2017 10:39:59

Á Mesa do Parlamento

Martín Fernández Prado, Jaime Castiñeira Broz, Marta Novoa Iglesias, Gonzalo Trenor López, Diego Calvo Pouso, Daniel Luís Varela Suanzes-Carpegna, Julia Rodríguez Barreira e Jacobo Moreira Ferro, deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **Pregunta Oral en Pleno**.

Nos últimos anos, a rede de estradas en xeral e autonómica en particular, veu véndose incrementada de xeito progresivo para acadar o obxectivo de mellorar a vertebración do territorio galego, mellorar a seguridade viaria por estrada e permitir que a maior parte da poboación teña unha vía de alta capacidade próxima ao seu ámbito.

A Rede de estradas de titularidade da Comunidade Autónoma de Galicia está formada polas estradas cuxo itinerario discorre integramente no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia e que non son de titularidade do Estado ou doutros organismos. Esta rede autonómica está clasificada en diversas categorías: rede primaria básica, rede primaria complementaria e rede secundaria.

A rede básica que está formada por os grandes eixos que, xunto ca rede de interese xeral do Estado, vertebran o territorio, o conectan ca rede de estradas das comunidades autónomas veciñas e relacionan entre si tanto os grandes centros de poboación como os principais lugares de actividade económica comprende as autopistas, autovías e vías de alta capacidade autonómicas. Estas últimas teñen una importante transcendencia na vertebración de importantes comarcas galegas co conxunto do sistema, e polo tanto construíronse algunhas novas nos últimos anos.

A apertura destas novas vías ou a mellora das existentes, require tempos de maduración para que a poboación as coñeza e as incorpore aos seus hábitos de mobilidade, cara a valoración destas accións, os parlamentarios asinantes plantean a seguinte, **Pregunta Oral para a súa resposta en Pleno**:

-Cal é a evolución do tráfico da rede autonómica de estradas e vías de alta capacidade postas en funcionamento nos últimos anos?

Santiago de Compostela, 31 de agosto de 2.017

Asinado dixitalmente por:

Martín Fernández Prado na data 31/08/2017 11:23:40

Jaime Castiñeira Broz na data 31/08/2017 11:24:38

Marta Novoa Iglesias na data 31/08/2017 11:24:47

Gonzalo Trenor López na data 31/08/2017 11:25:06

Diego Calvo Pouso na data 31/08/2017 11:25:20

Daniel Luis Varela Suanzes-Carpegna na data 31/08/2017 11:25:31

María Julia Rodríguez Barreira na data 31/08/2017 11:25:51

Jacobo Moreira Ferro na data 31/08/2017 11:26:04

Á MESA DO PARLAMENTO

Antón Sanchez García e Luís Villares Naveira, deputados do Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do artigo 155 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **PREGUNTA para a súa resposta oral en Pleno**.

O 8 de febreiro o Parlamento de Galicia aprobou unha iniciativa sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación cos depósitos de pneumáticos usados.

O incendio do cemiterio de pneumáticos acontecido en Seseña, en maio de 2016, puxo de manifesto o perigo que supoñen os vertedoiros incontrolados deste tipo de materiais. A acumulación de pneumáticos ten que ser abordada dunha maneira eficiente e respectuosa co medio ambiente, algo que non se fixo ata o de agora. Como sinalaba a iniciativa, o tratamento destes residuos consiste case sempre na incineración (un proceso moi contaminante) ou no depósito (unha xestión que só traslada o problema ao futuro), e só nuns poucos casos na reutilización e na reciclaxe.

Tendo isto presente, o Goberno da Xunta comprometeuse a:

- 1.- Diseñar un modelo de xestión e control dos pneumáticos usados baseado na reutilización e reciclaxe destes residuos.*
- 2.- Retirar e trasladar de xeito inmediato os pneumáticos usados acumulados en depósitos e vertedoiros incontrolados, para o seu tratamento nunha planta de reciclaxe.*
- 3.- Impulsar, en colaboración cos Concellos, un plan específico para detectar e retirar os pneumáticos en desuso existentes no medio rural.*



4.- *Establecer, no ámbito do impulso da I+D+i, unha liña específica destinada a fomentar os estudos de novas aplicacións de pneumáticos reciclados.*

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar de En Marea presenta a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno:

- Que medidas adoptou a Xunta para executar o acordo adoptado polo Pleno do Parlamento?

Santiago de Compostela, 31 de agosto de 2017.

Asdo.: Antón Sánchez García

Luís Villares Naveira

Deputados do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Antón Sánchez García na data 31/08/2017 13:35:50

Luis Villares Naveira na data 31/08/2017 13:35:58

Á MESA DO PARLAMENTO

Antón Sanchez García e Luís Villares Naveira, deputados do Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do artigo 155 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **PREGUNTA para a súa resposta oral en Pleno**.

O 8 de febreiro o Parlamento de Galicia aprobou unha iniciativa sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación cos depósitos de pneumáticos usados.

O incendio do cemiterio de pneumáticos acontecido en Seseña, en maio de 2016, puxo de manifesto o perigo que supoñen os vertedoiros incontrolados deste tipo de materiais. A acumulación de pneumáticos ten que ser abordada dunha maneira eficiente e respectuosa co medio ambiente, algo que non se fixo ata o de agora. Como sinalaba a iniciativa, o tratamento destes residuos consiste case sempre na incineración (un proceso moi contaminante) ou no depósito (unha xestión que só traslada o problema ao futuro), e só nuns poucos casos na reutilización e na reciclaxe.

Tendo isto presente, o Goberno da Xunta comprometeuse a:

- 1.- Diseñar un modelo de xestión e control dos pneumáticos usados baseado na reutilización e reciclaxe destes residuos.*
- 2.- Retirar e trasladar de xeito inmediato os pneumáticos usados acumulados en depósitos e vertedoiros incontrolados, para o seu tratamento nunha planta de reciclaxe.*
- 3.- Impulsar, en colaboración cos Concellos, un plan específico para detectar e retirar os pneumáticos en desuso existentes no medio rural.*



4.- *Establecer, no ámbito do impulso da I+D+i, unha liña específica destinada a fomentar os estudos de novas aplicacións de pneumáticos reciclados.*

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar de En Marea presenta a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno:

- Cal é o modelo da Xunta para avanzar cara a reutilización e reciclaxe dos pneumáticos?

Santiago de Compostela, 31 de agosto de 2017.

Asdo.: Antón Sánchez García

Luís Villares Naveira

Deputados do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Antón Sánchez García na data 31/08/2017 13:35:14

Luis Villares Naveira na data 31/08/2017 13:35:29

Á MESA DO PARLAMENTO

Paula Quinteiro Araújo, Marcos Cal Ogando e Luís Villares Naveira, deputada e deputados do Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do recollido no artigo 155 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte ***PREGUNTA para a súa resposta oral en Pleno.***

O 23 de novembro o Parlamento de Galicia aprobou unha iniciativa para garantir unha atención axeitada da interrupción voluntaria do embarazo en tódolos centros da rede sanitaria pública e os dereitos sexuais e reprodutivos das mulleres do rural.

A iniciativa formulouse nun momento no que moitas mulleres denunciaban a mala praxe dos servizos sanitarios galegos no referente aos abortos terapéuticos. Esta mala praxe foi recoñecida pola propia xerencia da área sanitaria da Coruña, asumindo que as mulleres que se atopaban no segundo trimestre de xestación non eran atendidas coas mesmas garantías que nun parto. Existía (e aínda persiste) unha forma de maltrato e de violencia de xénero que contaba (e conta) con respaldo institucional: a violencia obstétrica.

Vítimas desta violencia foron as mulleres que abortaron sen o acompañamento adecuado dos profesionais sanitarios, aquelas que foron derivadas a 600 quilómetros de distancia porque o sistema sanitario galego negáballes asistencia, todas as que sufriron secuelas físicas e psicolóxicas a causa das negligencias médicas... O risco que ata o de agora asumiron as mulleres galegas para facer valer os seus dereitos reprodutivos é inadmisibile.

Por todo isto, a iniciativa aprobada pola unanimidade dos grupos do Parlamento galego solicitaba:

1. *Non recorrer a sentenza xudicial que condena por negligencia o SERGAS no caso concreto da muller mariñá que perdeu o útero e asumir, como xa fixo publicamente o propio Presidente, as consecuencias da súa actuación negligente.*
2. *Crear dous centros de referencia no país para a atención da Interrupción Voluntaria do Embarazo (IVE), un na zona norte e outro da zona sur, con persoal sanitario especializado, co obxecto de garantir a execución dos protocolos internacionais sobre os “Dereitos Sexuais e Reprodutivos” -recoñecidos como dereitos humanos- na rede pública de saúde galega. De ser necesario que o SERGAS convoque prazas nas que se estableza como requirimento que non se declare obxección de conciencia.*
3. *Fornecer as mulleres da atención axeitada, tal e como recollen os protocolos internacionais, garantindo a mesma atención que nun parto (indución, expulsivo e despois deste en sala axeitada, con posibilidade de anestesia epidural e atención por parte de profesionais de xinecoloxía e matrona), incluído o apoio emocional á muller durante todo o proceso, tendo en conta as súas necesidades, inquedanzas e desexos para poder abordar de xeito integral a súa saúde física e psíquica.*
4. *Dotar os concellos do rural de profesionais de xinecoloxía nos Centro de Orientación Familiar de referencia, para garantir a atención dos dereitos sexuais e reprodutivos de todas as mulleres, sen discriminacións xeográficas, independentemente de que vivan en zonas rurais ou urbanas.*

Por todo o exposto, En Marea presenta a seguinte Pregunta para a súa resposta oral en Pleno:



- Que medidas ten adoptado o Goberno galego para facer efectivo o acordo deste Parlamento?

Santiago de Compostela, 31 de agosto de 2017.

Asdo.: Paula Quinteiro Araújo

Marcos Cal Ogando

Luís Villares Naveira

Deputada e deputados do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Paula Quinteiro Araújo na data 31/08/2017 13:38:42

Marcos Cal Ogando na data 31/08/2017 13:38:49

Luis Villares Naveira na data 31/08/2017 13:38:57

Á MESA DO PARLAMENTO

Paula Quinteiro Araujo, Marcos Cal Ogando e Luís Villares Naveira, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar de En Marea**, ao abeiro do artigo 155 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **PREGUNTA para a súa RESPOSTA ORAL en Pleno**.

O 28 de decembro o Parlamento de Galicia aprobou unha Proposición non de lei para loitar contra a violencia de xénero no medio rural. A iniciativa sinalaba algunhas das singularidades das violencias machistas que padecen as mulleres dos espazos rurais e que supoñen unha maior indefensión para as vítimas. Unha delas é o illamento que se deriva da dispersión da poboación. Moi a miúdo, as mulleres que sofren algún tipo de maltrato só teñen preto ao seu agresor e ao seu círculo familiar máis próximo. A isto hai que sumar que moitas mulleres viven en núcleos illados de difícil acceso que non contan con moitos dos servizos básicos de atención e axuda que si existen nos centros urbanos.

A política de recortes da Xunta de Galicia fixo que a precaria situación das mulleres rurais sexa aínda máis feble ao desmantelar moitos servizos públicos. Son moitos os casos nos que as mulleres non dispoñen no seu concello de centros de información ou asesoramento para apoialas se sofren algún tipo de violencia.

Co fin de abordar o problema, o Parlamento galego instou á Xunta de Galicia a:

- 1. Fornecer cursos de formación sobre temas vinculados ao empoderamento e implementar campañas de sensibilización e concienciación orientadas especificamente ás mulleres rurais.*
- 2. Poñer os medios e recursos suficientes para mellorar a atención ás*



mulleres vítimas de violencias machistas no medio rural e evitar situación de illamento.

3. *Incrementar o número de Centros de Información á Muller, de xeito que poida acadarse o obxectivo de dispoñer de un como mínimo en cada concello de Galicia, para cubrir as necesidades de asesoramento e apoio das mulleres que sofren violencias machistas no rural .*

Por todo o exposto, En Marea presenta a seguinte Pregunta para a súa resposta oral en Pleno:

- Que ten feito o Goberno galego para facer efectivo o acordo deste Parlamento?

Santiago de Compostela, 31 de agosto de 2017.

Asdo.: Paula Quinteiro Araújo

Marcos Cal Ogando

Luís Villares Naveira

Deputada e deputados do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Paula Quinteiro Araújo na data 31/08/2017 13:40:46



Marcos Cal Ogando na data 31/08/2017 13:40:54

Luis Villares Naveira na data 31/08/2017 13:41:01

Á MESA DO PARLAMENTO

Paula Quinteiro Araujo, Marcos Cal Ogando e Luís Villares Naveira, deputada e deputados do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do artigo 155 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **PREGUNTA para a súa resposta oral en Pleno**.

O 25 de xaneiro o Parlamento de Galicia aprobou unha Moción sobre a política do Goberno galego en relación coa violencia de xénero en menores.

As rapazas menores de idade afrontan un maior risco de sufrir violencia de xénero, en gran medida pola falta de información. As institucións están fallando á hora de ofrecer as ferramentas que permitan recoñecer as situacións de abuso. Así o proba a naturalidade coa que moitas persoas mozas asumen que o home é quen debe tomar as decisións na parella, que o lugar da muller está na casa coa súa familia ou que a muller é máis débil e menos capaz. Estas crenzas tradúcense con demasiada frecuencia en situacións de control por parte da parella, agresións e outras formas de maltrato machista. Así o apunta a macro enquisa española de violencia contra a muller do ano 2015. Segundo ela, o 21% das mulleres menores de 25 anos que tiveron parella nalgún intre da súa vida foron vítimas da violencia de xénero. A altísima porcentaxe é un síntoma de que se trata dun problema estrutural e non de casos illados.

Os problemas estruturais precisan solucións estruturais. Entre as medidas a tomar cómpre reforzar as labores formativas en materia de violencia machista, non só dirixidas ás mozas, senón tamén ás persoas encargadas de protexelas, tal e como se comprometeu a facer o Goberno da Xunta.



Por todo o exposto, a deputada e deputados asinantes presentan a seguinte pregunta:

- Que ten feito o Goberno para facer efectivo o acordo adoptado por este Parlamento?

Santiago de Compostela, 31 de agosto de 2017.

Asdo.: Paula Quinteiro Araújo

Marcos Cal Ogando

Luís Villares Naveira

Deputada e deputados do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Paula Quinteiro Araújo na data 31/08/2017 13:37:00

Marcos Cal Ogando na data 31/08/2017 13:37:08

Luis Villares Naveira na data 31/08/2017 13:37:16



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Ana Belén Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Xosé Luis Bará Torres, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, formulan a seguinte **Pregunta para a súa resposta en Pleno**, relativa á necesidade e demanda social da construción dun centro público de atención ás persoas con discapacidade de máis de 21 anos na provincia de Ourense.

A provincia de Ourense é a única da comunidade galega que non conta cun CENTRO DE ATENCIÓN A PERSOAS CON DIVERSIDADE FUNCIONAL, público e de xestión pública, que integre centro residencial, centro de día e de respiro familiar. Na actualidade hai usuari@s que están en centros públicos fora da nosa provincia, aos que os seus proxenitores e familiares desexarían en Ourense, sempre que sexa para un centro público e de xestión pública.

Hai rapaces que ao rematar a etapa escolar quedaron nas súas casas debido a que ir a un CAPD público obriga a desprazarse a outras provincias, o que supón romper o vínculo familiar, cuestión que fai de absoluta necesidade contar con prazas de respiro familiar adaptadas aos seus familiares, xa que na actualidade as prazas ofertadas en Ourense son en centros xeriátricos.

Cando as persoas dependentes con discapacidade física, parálisis cerebral e dano cerebral acaban a etapa escolar, teñen 21 anos, e para elas un CAPD vai ser o resto da súa vida, polo tanto, mércense un centro cunhas instalacións dignas e adaptadas as súa necesidades, que, como mínimo sexan como os das outras provincias galegas.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Co fin de solventar a discriminación á que se ve sometida non só a provincia de Ourense se non tamén todos os familiares e persoas con discapacidade física, parálise cerebral e dano cerebral, a plataforma ProCAPD-Ourense concitou o apoio e a colaboración de todas as organizacións representativas da provincia así como máis de 50.000 sinaturas de apoio para a creación de un CENTRO TERAPÉUTICO OCUPACIONAL, ou o que é o mesmo un, CAPD na provincia de Ourense.

O compromiso de construción de un centro de atención terapéutica- ocupacion público de xestión pública, que integre centro residencial, centro de día e prazas de respiro familiar foi asinado o 19 de setembro de 2016 en Ourense por todos os partidos políticos.

Mais con ocasión de examinar o proxecto exposto polos técnicos da Consellería, a plataforma ProCAPD-Ourense descubriu que o que se pretende levar a cabo é a creación de un “centro ocupacional con servizo de atención diurna e residencial”. Este proxecto non é o que a Plataforma demanda, nin o que os partidos políticos (PP, PSOE, BNG, EN MAREA, D.O.) asinamos naquel acordo de setembro, que está moi lonxe das prazas comprometidas e que segundo os planos dificilmente vai poder ser xestionado sen externalizar servizos, imposibilitando a xestión pública tamén comprometida.

O que esixe a plataforma, e o ao que nos comprometimos as distintas organizacións políticas e sindicais e as administracións, é a un centro de servizos específicos de atención residencial, diurna e respiro familiar destinados a persoas dependentes con discapacidade física, parálise cerebral e dano cerebral, un Centro de Atención Terapéutica-ocupacional”, público e de xestión pública, atendido por empregados públicos.

Froito da mobilización social, a Xunta de Galiza accedeu a procurar un proxecto



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/08/2017 13:51
Nº Rexistro: 14919
Data envío: 31/08/2017 13:51:14.168

axeitado ás demandas no primeiro semestre de 2017. Por todo isto, formúlase a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno:

Cal é a evolución das xestións da Xunta para garantir un Centro de Atención terapéutica-ocupacional de xestión pública na provincia de Ourense acorde coa demanda da Plataforma social e do compromiso adquirido polas administracións?

Santiago de Compostela, 30 de agosto de 2017

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Ana Belén Pontón Mondelo

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Xosé Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 31/08/2017 13:50:48

María Montserrat Prado Cores na data 31/08/2017 13:50:53

Ana Pontón Mondelo na data 31/08/2017 13:50:54



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/08/2017 13:51
Nº Rexistro: 14919

Data envío: 31/08/2017 13:51:14.168

Xose Luis Rivas Cruz na data 31/08/2017 13:50:56

Olalla Rodil Fernández na data 31/08/2017 13:50:58

Xosé Luis Bará Torres na data 31/08/2017 13:51:00



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Ana Belén Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Xosé Luis Bará Torres, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, formulan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno**, relativa a desenvolver as competencias de consumo da Xunta de Galiza fronte ás agresivas políticas comerciais e abusos das entidades financeiras.

Nos últimos anos as galegas e galegos puideron coñecer un número importante de casos de abusos bancarios de diferente índole que tiveron a súa translación a un número en aumento de sentenzas arredor deles. Polo importante número de persoas afectadas, polas contías implicadas e a extensión territorial que tivo, alén da exemplar loita social que supuxeron, o noso país aínda recorda o grande calote das preferentes e obrigas subordinadas. Máis recente é a sentenza europea sobre as cláusulas chan do pasado mes de decembro de 2016.

Como é lóxico, a secuencia de todos estes acontecementos xeraron unha inseguridade e preocupación por parte das persoas usuarias de cara ás accións levadas a cabo polas entidades bancarias. Unha preocupación e unhas esixencias que as administracións públicas non sempre souberon acompañar nun contexto no que os feitos evidencian como a colocación de produtos financeiros por parte das entidades financeiras segue a estar rodeada de prácticas pouco transparentes e garantistas para cos dereitos das persoas usuarias e co bo devir da economía en xeral.

Un denominador común das diferentes sentenzas e avaliacións de persoas expertas e de entidades independentes é que, para alén de cuestións relacionadas coa legalidade, a gravidade e importancia do asunto radica na mala praxe durante a



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

colocación destes produtos, ora por falta de información e transparencia, ora por existencia de cláusulas dolosas que acompañan unha información insuficiente e opaca que, segundo os casos, mesmo se dá nun contexto no que as persoas afectadas están nunha situación de vulnerabilidade e existe un abuso engadido ao ofertar estes produtos a un público que carece de coñecementos financeiros e asume riscos sen ter consciencia sobre eles e sen que se lle garanta unha información suficiente. Para alén disto, existe tamén un volume importante de casuísticas nas que a potencial clientela ten unha necesidade urxente de recibir ese produto, caso dos créditos, e polo tanto rebaixa o seu grao de fiscalización da operación porque precisa acollerse a unhas esixencias bancarias si ou si, sen ter outra saída ou sen ter información sobre outras potenciais vías para a súa situación.

Neste contexto, froito das demandas da clientela, de diferentes colectivos, administracións, etc, toda esta inqueda social foi pulando cambios normativos. Neste sentido, a normativa europea centra na actualidade a súa atención naquilo que atinxe á “idoneidade do produto para cada cliente” (debendo realizar un test de idoneidade no banco) así como á formación dos cadros de persoal do sector financeiro para que cada traballador ou traballadores actúe como persoa “asesora”.

Porén, resulta aínda evidente a carencia de ferramentas administrativas para o control sobre os produtos emitidos sobre a súa comercialización, a inexistencia dunha entidade para o control independente e factores preocupantes que non son tidos en conta como o claro conflito de interese no intento de contratar o produto.

Galiza ten competencias en materia de consumo que deben desenvolverse de forma ambiciosa nas ópticas de prevención e de control para reverter en última instancia no ben dos galegos e galegas e na seguranza económica do país malia o limitado do marco.

Por todos estes motivos, formúlase a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno:



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/08/2017 13:58
Nº Rexistro: 14923
Data envío: 31/08/2017 13:58:18.752

Ten desenvolto ou previsto o goberno galego algún tipo de iniciativa en materia de consumo fronte as agresivas políticas comerciais e abusos das entidades financeiras?

Santiago de Compostela, 30 de agosto de 2017

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Ana Belén Pontón Mondelo

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Xosé Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 31/08/2017 13:57:51

María Montserrat Prado Cores na data 31/08/2017 13:57:56

Ana Pontón Mondelo na data 31/08/2017 13:57:57

Xose Luis Rivas Cruz na data 31/08/2017 13:57:58

Olalla Rodil Fernández na data 31/08/2017 13:58:00



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/08/2017 13:58
Nº Rexistro: 14923

Data envío: 31/08/2017 13:58:18.752

Xosé Luis Bará Torres na data 31/08/2017 13:58:01



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no artigo 155.5 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, polo trámite **de urxencia**, relativa á necesidade da construción dun centro de día no concello de Rianxo.

Xustificación da urxencia

A urxencia vén motivada pola preocupación social no concello de Rianxo pola necesidade dun centro de día.

Exposición de motivos

Pese a que Galiza é un país con unha poboación cada vez máis envellecida, a falta de dispositivos e recursos para atender ás persoas en situación de dependencia é unha constante.

É unha evidencia a necesidade de implementar recursos públicos que dean resposta ás necesidades tanto das moitas persoas maiores como das que están en situación de dependencia.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Dentro dos recursos demandados ocupan un lugar moi importante os centros de día. Dispositivos pensados para dar respostas as necesidades destas persoas, mellorar a súa calidade de vida, desde a proximidade e permitindo que sigan vivindo no seu entorno familiar evitando o desarraigo e tamén facilitando a conciliación laboral e familiar.

Á atención a estas persoas debería ser unha prioridade por parte da Xunta de Galiza, mais lonxe diso a realidade é que son miles as que seguen a agardar por eses recursos.

Entre estes está o concello de Rianxo, onde hai desde hai tempo a demanda de que o concello conte cun centro de día. @s veciñ@s levan meses loitando para que a súa demanda sexa atendida por parte da Xunta. Téñense organizado nunha plataforma para sumar esforzos, de tal xeito que levan recollido sinaturas, realizado concentracións, manifestacións, protestas e un peche ininterrompido desde o día 13 de xullo no salón de plenos do concello.

O BNG leva tempo tamén demandando o centro de día para Rianxo. Son moitas as xestións e esforzos realizados polo Goberno municipal, que ten mostrado a súa vontade de acadar unha solución, a empezar pola posíbel ubicación, realizando a cesión de terreos ou a posibilidade de rehabilitación de algún edificio existente, e temos presentado iniciativas parlamentares a empezar pola inclusión de emendas en repetidas anualidades nos orzamentos da Xunta.

A petición dun centro de día para Rianxo está máis que xustificada, este concello ten arredor de tres mil persoas con máis de 65 anos, e un número



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/09/2017 16:30
Nº Rexistro: 15236
Data envío: 04/09/2017 14:01:30.120

importante tanto dos que se desprazan a outros concellos para recibir atención como dos que están en situación de acudir a un centro destas características de existir no concello.

A pesar de todo o exposto, a Xunta de Galiza está a mostrar unha total insensibilidade diante das demandas de veciñ@s e concello de construción dun centro de día.

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego, a través da deputada asinante, formula a seguinte pregunta para a súa resposta oral ante o Pleno, polo trámite de urxencia:

Non lle parece razoábel a petición dun centro de día por parte d@s veciñ@s de Rianxo, tendo en conta o alto número de persoas con máis de 65 anos e o importante número que se desprazan a outros concellos para ser atendid@s?

Santiago de Compostela, 4 de setembro de 2017

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Deputada do G.P. do BNG



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/09/2017 16:30
Nº Rexistro: 15236

Data envío: 04/09/2017 14:01:30.120

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 04/09/2017 14:00:55



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/09/2017 17:07
Nº Rexistro: 15263
Data envío: 04/09/2017 17:07:58.325

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no artigo 155.5 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, polo trámite de **urxencia**, sobre o inicio do curso 2017/2018.

Xustificación da urxencia

A urxencia vén motivada polas mudanzas introducidas polo Goberno galego no ensino público para o curso 2017/2018.

Exposición de motivos

Inicia máis un curso académico (2017/2018) na Galiza marcado polo peche de centros públicos aprobado polo Goberno da Xunta. Unha decisión adoptada polo executivo de maneira unilateral, sen diálogo e coa oposición frontal da comunidade educativa, a comezar polas propias familias afectadas.

Desaparición de centros aos que se suman as escolas unitarias, cando menos seis; 6 unidades e 9 postos de traballo nos CRA, xunto con 58 unidades e 91 postos de traballo en Centros de Educación Infantil e Primaria, de acordo co disposto na Orde do 6 de xullo de 2017 pola que se modifican as unidades e profesorado dos centros de ensino dependentes da Xunta de Galiza.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

En paralelo, a Consellaría de Educación continúa transferindo fondos públicos á escola privado-concertada a través da blindaxe dos concertos educativos, incluídos aqueles dirixidos a escolas que segregan o alumnado por sexos.

Aos recortes que vén practicando o Partido Popular no ensino desde o ano 2009 engádesse neste inicio do novo curso escolar a situación xerada polo novo Plan de transporte que deixou sen competencias a Consellaría de Educación en materia de transporte escolar, transferidas agora á Consellaría de Infraestruturas. Un plan improvisado que supedita o alumnado aos intereses do transporte regular e que abre moitas dúbidas a respecto do futuro deste servizo complementar da educación pública.

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego, a través da deputada asinante, formula a seguinte pregunta para a súa resposta oral ante o Pleno, polo trámite de urxencia:

Cal é a valoración do Goberno galego sobre o inicio do curso escolar 2017/2018?

Santiago de Compostela, 4 de setembro de 2017

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Deputada do G.P. do BNG



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/09/2017 17:07
Nº Rexistro: 15263

Data envío: 04/09/2017 17:07:58.325

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 04/09/2017 17:05:51



Á MESA DO PARLAMENTO

Luís Villares Naveira, Manuel Lago Peñas, Antón Sanchez García, Carmen Santos Queiruga, Magdalena Barahona Martín, Marcos Cal Ogando, Pancho Casal Vidal, Luca Chao Perez, Ánxeles Cuña Bóveda, Juan Jose Merlo Lorenzo, Paula Quinteiro Araujo, Davide Rodríguez Estévez, Eva Solla Fernández e Paula Vazquez Verao, deputadas e deputados do Grupo Parlamentar de En Marea , ao abeiro do recollido no Artigo 155.5 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **PREGUNTA urxente**, para a súa resposta oral en Pleno, relativa ás propostas de actuación no ámbito xudicial

Xustificación da urxencia

A urxencia vén motivada polo colapso no mes de xullo e agosto, deste ano, debido aos recortes, tanto persoais como materiais no ámbito xudicial e o incremento da litixiosidade no ámbito da violencia de xénero.

Provocaron este colapso nos meses de xullo e agosto, de todo o sistema xudicial, entre outras causas, no ámbito civil, o incremento da reclamación das cláusulas chan, das cláusulas abusivas na contratación bancaria e hipotecaria, e no ámbito penal, o incremento ano a ano da cifra de vítimas de violencia de xénero, e os recortes aplicados polo goberno do Partido Popular desde o ano 2011.

Así constatamos que as políticas do PP en materia de violencia de xénero son meramente propagandísticas , pois nin facilitan, nin resolven, nin incrementan nin un euro a dotación orzamentaria dedicada aos Xulgados de Violencia de Xénero nin as políticas contra a violencia machista.

Polo exposto, preséntase a seguinte pregunta:



- Que medidas vai adoptar a Xunta ante a situación do sistema xudicial ante o deficitario funcionamento do sistema xudicial por insuficiencia de recursos especialmente no eido da loita contra a violencia machista?

Santiago de Compostela, 4 de setembro de 2017.

Asinado dixitalmente por:

Luis Villares Naveira na data 04/09/2017 18:20:51

Paula Vázquez Verao na data 04/09/2017 18:20:57

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 04/09/2017 18:21:01

Juan José Merlo Lorenzo na data 04/09/2017 18:21:04

Carmen Santos Queiruga na data 04/09/2017 18:21:07

Antón Sánchez García na data 04/09/2017 18:21:10



Eva Solla Fernández na data 04/09/2017 18:21:13

Luca Chao Pérez na data 04/09/2017 18:21:16

Paula Quinteiro Araújo na data 04/09/2017 18:21:20

Magdalena Barahona Martín na data 04/09/2017 18:21:23

José Manuel Lago Peñas na data 04/09/2017 18:21:27

Francisco Casal Vidal na data 04/09/2017 18:21:30

David Rodríguez Estévez na data 04/09/2017 18:21:34

Marcos Cal Ogando na data 04/09/2017 18:21:37



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/09/2017 12:51
Nº Rexistro: 15201
Data envío: 04/09/2017 12:51:52.894

Á Mesa do Parlamento

Ana Belén Pontón Mondelo, Portavoz do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no artigo 152.2 do Regulamento da Cámara e das normas supletorias do 17 de marzo de 2015, formula a seguinte **PREGUNTA** dirixida ao **Presidente do Goberno**, para a súa resposta **oral en Pleno**.

PREGUNTA AO PRESIDENTE:

Que vai facer o Presidente da Xunta de Galiza para garantir a devolución do Pazo de Meirás?

Santiago de Compostela, 4 de setembro de 2017

Asdo.: **Ana Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 04/09/2017 12:51:28

Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Xoaquín Fernández Leiceaga, portavoz do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152.2, presenta ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**, dirixida ao **Sr. presidente da Xunta de Galicia**.

Sr. presidente, considera que a regulación prevista no anteproxecto de lei de modificación da Lei de saúde de Galicia vai mellorar a atención sanitaria nas comarcas que ven desaparecer as súas área sanitarias?

Pazo do Parlamento, 4 de setembro de 2017

Asdo.: **Xoaquín Fernández Leiceaga**
Portavoz G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 04/09/2017 13:24:29



Á MESA DO PARLAMENTO

Luis Villares Naveira, voceiro do **Grupo Parlamentar de En Marea**, ao abeiro do artigo 152.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **PREGUNTA**, *para a súa resposta oral en Pleno*, dirixida ao **Presidente da Xunta de Galicia**.

- É consciente o Goberno galego das consecuencias sociais do modelo laboral precario que está a aplicar en Galicia?

Santiago de Compostela, 4 de setembro de 2017.

Asdo.: Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Luis Villares Naveira na data 04/09/2017 17:56:59

ESTRUTURA DO BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

1. PROCEDEMENTOS PARLAMENTARIOS

1.1. PROCEDEMENTOS DE NATUREZA NORMATIVA

- 1.1.1. NORMAS APROBADAS
- 1.1.2. PROPOSTAS DE NORMAS

1.2. PROCEDEMENTOS ESPECIAIS DE CARÁCTER INSTITUCIONAL

- 1.2.1. INVESTIDURA
- 1.2.2. MOCIÓN DE CENSURA
- 1.2.3. CUESTIÓN DE CONFIANZA

1.3. PROCEDEMENTOS DE CONTROL E IMPULSO

- 1.3.1. CONTROL SOBRE AS DISPOSICIÓNS DA XUNTA CON FORZA DE LEI
- 1.3.2. COMUNICACIÓNS DA XUNTA DE GALICIA
- 1.3.3. EXAME DE PROGRAMAS E PLANS
- 1.3.4. ACORDOS, RESOLUCIÓNS OU PROPOSTAS DE COMISIÓNS ESPECIAIS OU DE INVESTIGACIÓN
- 1.3.5. MOCIÓNS
- 1.3.6. PROPOSICIÓNS NON DE LEI
- 1.3.7. OUTRAS PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN E ACORDOS
- 1.3.8. PROCEDEMENTOS DE CONTROL ECONÓMICO E ORZAMENTARIO

1.4. PROCEDEMENTOS DE INFORMACIÓN

- 1.4.1. INFORMACIÓNS REMITIDAS POLA XUNTA DE GALICIA
- 1.4.2. SOLICITUDES DE COMPARECENCIA
- 1.4.3. INTERPELACIÓNS
- 1.4.4. PREGUNTAS
- 1.4.5. RESPOSTAS A PREGUNTAS
- 1.4.6. SOLICITUDES DE DATOS, INFORMES E DOCUMENTOS DE DEPUTADOS E DE COMISIÓNS
- 1.4.7. RECONVERSIÓNS POR FINALIZACIÓN DO PERÍODO DE SESIÓNS

1.5. PROCEDEMENTOS RELATIVOS A OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS

1.6. PROCEDEMENTOS DE ELECCIÓN, DESIGNACIÓN E PROPOSTA DE NOMEAMENTO

1.7. PROCEDEMENTOS RELATIVOS AO DEREITO DE PETICIÓN

2. ELECCIÓN E COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO


- 2.1. ELECCIÓN DO PARLAMENTO
- 2.2. COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO E DOS SEUS ÓRGANOS
- 2.3. RÉXIME E GOBERNO INTERIOR
- 2.4. ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO PARLAMENTO

3. ADMINISTRACIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA

4. INFORMACIÓNS E CORRECCIÓNS DE ERROS

4.1. INFORMACIÓNS

4.2. CORRECCIÓNS DE ERROS



PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO
PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727